Historia escolar de Coirós

Manuel Fiaño Sánchez

Manuel Fiaño Sánchez

Historia escolar de Coirós

Deseño de cuberta: Manuel Fiaño Sánchez
Fotografía de portada: Curso 66-67. Escola do Fontelo. Arquivo do autor

1ª edición: 2018
Edita: Deputación da Coruña
Edición non venal, para agasallo de socios, colaboradores e veciños

© Manuel Fiaño Sánchez. 2018
© S.C.R.D. Fillos de Ois. 2018
Lg. Fontelo 37 - Santa María de Ois
15316 Coirós - A Coruña

ISBN: 978-84-9812-329-6
Depósito Legal: C 1086-2018

Imprime:
Imprenta Provincial

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporto ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

O ensino constitúe unha peza esencial da educación e da cultura, base para a construción dunha sociedade avanzada e moderna. Para chegar ao sólido sistema educativo do que dispoñemos hoxe en día tivo que afrontar certos impedimentos, agravados en concellos pequenos como por exemplo Coirós, tal e como recolle a obra que nos presenta Manuel Fiaño Sánchez.

No estudo que agora temos na man descubrimos o papel relevante dos concellos na construción do ensino democrático, converténdose en responsábeis desa formación educativa que ten vontade de chegar á totalidade da poboación, antes de que os procesos selectivos peneirasen a participación nos distintos niveis educativos. Do interese e as posibilidades dos concellos dependían así, en boa medida, os medios das escolas como servizo para a veciñanza.

Grazas á intensa investigación que Manuel Fiaño levou a cabo, dispoñemos dunha completa documentación sobre o xurdir das escolas en Coirós, así como a realidade do ensino na provincia da Coruña, recollida na obra que tes nas túas mans, unha publicación coa que a Deputación da Coruña quere contribuír á difusión da historia da ensinanza neste concello da provincia.

Nas páxinas que seguen, o lector poderá aproximarse á realidade do longo e duro proceso que experimentou a educación nesta localidade ata converterse no actual sistema que hoxe coñecemos, cuxo inicio veu marcado polos labores agrícolas e polos escasos fondos económicos.

Dende a Deputación da Coruña destacamos a gran investigación desenvolvida polo autor, Manuel Fiaño, que se recolle nesta publicación coa que queremos contribuír á difusión da historia do ensino da provincia.

Valetín González Formoso
Presidente da Deputación da Coruña

Historia escolar de Coirós é o relato do ensino neste pequeno concello da provincia da Coruña. Trasládanos desde as primeiras escolas que funcionaban de xeito intermitente, e condicionadas polas labores agrícolas, ata o día de hoxe onde a escolaridade é obrigatoria e forma parte fundamental do estado do benestar.

Manuel Fiaño, socio e Secretario da Sociedade Fillos de Ois, ofrécenos un traballo rigoroso, ameno e moi ben documentado. Un traballo que se suma a moitos outros que ven realizando que son fundamentais para coñecer a nosa pequena historia e que nos axudan a saber quen somos e de onde vimos.

Hijos de Ois de Ayuda Mútua inaugurou en 1933 no Fontelo un edificio escolar, o primeiro edificio escolar que veu a luz neste concello. Unha obra que se levou a cabo gracias á xenerosidade dos nosos emigrantes. Mantívose en funcionamento ata os anos 70 do pasado século cando se concentraron os nenos e nenas no centro comarcal Vales Villamarín en Betanzos.

A Sociedade Fillos de Ois, herdeira de *Hijos de Ois de Ayuda Mútua*, rehabilitou o edificio a principios dos anos 80 e o primeiro obxectivo que se propuxo foi recuperar o uso escolar do mesmo. Así no curso 1984-85 habilitábase unha unidade de Educación Infantil que se mantén ata a actualidade.

O ensino, a educación e, en definitiva, a cultura foi a razón que deu orixe e mantén a esta Asociación, polo que constitúe unha gran satisfacción a publicación deste libro.

Agradecemos e felicitamos ao autor polo seu traballo e animámolo a seguir coa súa labor investigadora, seguros de que dará impagables froitos como este que temos nas nosas mans.

Miguel Gayoso.
Presidente da S.C.R.D. Fillos de Ois.

O ENSINO EN COIRÓS NO S. XIX

No século XIX aínda sobreviven en España as denominadas «*Escuelas de Primeras Letras*» propias do Antigo Réxime, caracterizadas pola súa dependencia da comunidade veciñal e sostidas con recursos moi variados. Terán un funcionamento esporádico, adaptadas fundamentalmente aos recursos que os veciños dispoñan para elas e tamén polos traballos no campo, pois os nenos e nenas constitúen man de obra imprescindible nas tarefas agrarias. Atopamos xa que logo, escolas que van funcionar uns cantos meses no ano, sobre todo no inverno cando as tarefas no agro son máis escasas. O ensino será o básico para que aprendan a ler, escribir e contar. Non será ata mediados do s. XIX cando se vai reordenando o mundo educativo, sobre todo a partir da chamada «*Ley Moyano*» de 1857.

As primeiras noticias que temos sobre escolas no que hoxe en día é o concello de Coirós atopámolas ao estudar a biografía de Pedro Manzanas del Corral, coñecido como «*Frei Pedro*», un dominico nacido na parroquia de Santa María de Ois no ano 1642. Segundo o seu biógrafo Frei Diego de la Llana, os primeiros pasos escolares deunos Pedro Manzanas nunha vella escola que había na

aldea de Jora (Xora) na mesma parroquia de Sta. Mª de Ois, da que se ocupaba o mestre Bartolomé de la Mata e á que acudían uns 40 alumnos. Segundo o autor citado, a esa escola non só ían escolares da citada parroquia, senón que tamén atoparemos algún da de Santa Mariña de Lesa, outros de Reboredo e mesmo algún de Santa Eulalia de Cruces. Todos eles ingresarían, pasado o tempo, na orde do sacerdocio, polo que podemos supoñer que a mencionada escola estaba sustentada polos propios pais dos nenos e que estes pertencían a familias máis ben acomodadas ou con posibles, que orientaban aos seus fillos cara a vida clerical. Sobra dicir que durante esa época o ensino estaba destinado exclusivamente para os varóns, xa que as nenas non tiveron acceso a el ata finais do século XVIII.

Posteriormente, xa en 1752 cando se realiza o «*Catastro del Marqués de la Ensenada*», ao describir a freguesía de Santa María de Ois, concretamente na resposta á pregunta trinta e dous do Interrogatorio, aparece Ignacio da Bega como mestre de nenos cunha utilidade de cento corenta e catro reais ao ano. Esta será a única referencia a escolas que reflicte o mencionado Catastro en todas as freguesías que hoxe en día compoñen o concello de Coirós e que daquela formaban parte da Xurisdición de Betanzos e máis da Xurisdición de Oza.

A partir da promulgación da Constitución de Cádiz de 1812, a educación aparecerá como un importante factor de progreso. e nela vaise debuxar o esquema básico do sistema educativo.

> *Sin educación, es en vano esperar la mejora de las costumbres: y sin éstas son inútiles las mejores leyes, pudiéndose*

quizás asegurar que las instituciones más libres, aquéllas que más ensanche conceden a los derechos de los ciudadanos, y dan más influjo a la Nación en los negocios públicos, son hasta peligrosas y nocivas, cuando falta en ella razón práctica, por decirlo así, aquella voluntad ilustrada, don exclusivo de los pueblos libres, y fruto también exclusivo de una recta educación nacional. Con justicia, pues, nuestra Constitución política, obra acabada de la sabiduría, miró la enseñanza de la juventud como el sostén y apoyo de las nueva Instituciones; y al dedicar uno de sus postreros títulos al importante objeto de la Instrucción pública, nos denotó bastantemente que ésta debía ser el coronamiento de tan majestuoso edificio.
(*Dictamen sobre el proyecto de Decreto de arreglo general de la enseñanza pública, de 7 de marzo de 1814).*

O texto constitucional de 1812 establecía que

Artº 25
8. Desde el año de mil ochocientos treinta deberán saber leer y escribir los que de nuevo entren en el exercicio de los derechos de ciudadano.

E decir, que todo aquel cidadán que quixera ter dereito a voto, debería saber leer e escribir a partir de 1830.

Establecía tamén a citada Constitución que

Artº 366
En todos los pueblos de la Monarquía se establecerán escuelas de primeras letras, en las que se enseñará a los niños a leer, a escribir y contar, y el catecismo de la religión católica, que comprenderá también una breve exposición de las obligaciones civiles.

Pode afirmarse, pois, que a escola pública ou nacional nace en España coas Cortes de Cádiz e nace vinculada aos municipios[1]. O Estado vaise facer cargo do ensino superior, quedando o popular confiado aos concellos, polo que a sorte de cada escola vai estar en función das posibilidades económicas e da vontade de cada administración local, xurdindo deste xeito fortes desigualdades.

En 1821 atopamos un anuncio da cidade de Betanzos para a provisión dunha praza de mestre de primeiras letras[2]:

> *En la ciudad de Betanzos, provincia de Galicia, a 4 leguas de la Coruña y poco más del departamento de Ferrol, se halla vacante la plaza de maestro de primeras letras, dotada de 600 ducados que aprobó la Diputación provincial, y un ayudante con la de 200 bajo la obligación de enseñar gratis; hay edificio para la escuela. Tiene acordado su ayuntamiento la provisión de una y otra plaza para el 3 de septiembre próximo si se presentaren opositores a ellas; y precedido su examen en razón a las preguntas generales que se les hagan y los demás informes que sea preciso tomar, se darán a los que se juzguen más dignos de desempeñarlas. Los pretendientes pueden remitir sus instancias al secretario de dicho ayuntamiento.*

Seguindo o magnífico traballo de Pilar Morandeira Roel, publicado no Anuario Brigantino de 1989[3], atopa-

---

[1] LÁZARO FLORES, Emilio, (1975), «Historia de las construcciones escolares en España», *Revista de Educación* Nº 240, pp. 114-126

[2] *La Gaceta de Madrid,* 18 de agosto de 1821

[3] MORANDEIRA ROEL, Pilar, (1989), «Mapa escolar da antiga provincia de Betanzos na segunda década do s. XIX», *Anuario Brigantino,* Nº 12, pp. 99-114

mos que en 1825 aparece o «*Plan y Reglamento General de Escuelas de Primeras Letras*», máis coñecido como o «*Plan Calomarde*» por ser Francisco Tadeo Calomarde, Ministro de Gracia e Xustiza de Fernando VII, o responsable do mesmo.

A partir dese Regulamento crearase en Santiago a Xunta de Capital de vixilancia e inspección de escolas do Reino de Galicia. Esta Xunta vai levar a cabo unha enquisa en todas as provincias do Reino para saber o estado en que se atopa a educación. A Circular que envía a Xunta da Capital establece catro clases de escolas, segundo o número de veciños de cada poboación, quedando fora desas catro clases as escolas de aldeas e pobos que non cheguen a cincuenta veciños, nas que os mestres non estarán suxeitos a exame. Na citada Circular solicítase a achega dos seguintes datos[4]:

> *[...] Habiendo S.M. (que Dios guarde) aprobado el plan y Reglamento general de Escuelas de primeras letras, que deberá ser uniforme en todas las Escuelas del Reino según sus respectivas clases, y estando ya instalada la Junta de esta capital a la que pertenece la inspección y vigilancia de todas las Escuelas de la provincia sin perjuicio de la correspondiente a las juntas de Pueblo y demás Autoridades, a fin de cumplir en cuanto le sea posible con tan delicado encargo, desea que por V. se le comuniquen las oportunas noticias bajo los datos siguientes:*
> *[...] 24º. Cuantas escuelas de ambos sexos hay establecidas en la comprehensión de su distrito, que dotación tiene cada una, y que número de vecinos la villa o pueblo en donde se hallen.*

[4] A.M.B. *Expedientes relativos a escolas públicas.* Caixa 3306

25º. Cuantas Escuelas faltan, que número de vecinos tiene el pueblo; y de que clase conviene establecerlas.

Entre o 18 de xullo e o 21 de agosto de 1825 os Mordomos Pedáneos, Manuel Pérez da parroquia de San Salvador de Collantres e o seu anexo San Vicente de Armea; Pedro Crespo da de Santa Eulalia de Espenuca; Pedro da Riba da de San Xulián de Coirós; Jacobo López da de Santiago de Ois; e Antonio Gómez da de Santa María de Ois, remiten certificacións en contestación á enquisa. Desas certificacións conclúese que en ningunha das citadas parroquias hai escola nin tampouco fondos nin dotación para establecelas. Os Pedáneos reclaman a instalación das seguintes: unha de 3ª clase para nenos en S. Vicente de Armea; unha para nenos en S. Xulián de Coirós; unha para nenos en Sta. Aia de Espenuca; unha de 4ª clase para nenos en Sta. Mª de Ois e unha para nenos en Santiago de Ois.

Mediante Real Decreto de 23 de xullo de 1834, o goberno designaba como atribución dos concellos[5]

[...] la de proponer los establecimientos municipales que convenga crear, entre los cuales deben contarse los de instrucción primaria; porque encargadas aquellas corporaciones por los votos de sus convecinos de la administración de sus pueblos, nadie mejor que ellas pueden interesarse en promover lo necesario o útil, ni conocer ni apreciar los recursos para efectuarlo con discreción y economía. Se autoriza también a los ayuntamientos para nombrar los maestros de primeras letras pagados de los fondos del común, porque además de merecer sus individuos la confianza del

[5] *Boletín Oficial de la provincia de La Coruña,* Nº 69, 6 de enero de 1836

pueblo, son interesados personalmente en el acierto. [...] Por lo mismo no debe recaer la elección sino en maestro aprobado previamente, en los términos prescritos en los reglamentos y órdenes que rigen.

Escuela no atrio dunha igrexa en Galicia.Colección Martínez Barbeito N 465

En agosto de 1836 vaise constituír definitivamente o concello constitucional de Coirós, despois de varias tentativas froito doutros tantos vaivéns políticos. E será precisamente a partir desa data na que contemos con información, proporcionada fundamentalmente polas actas do propio concello, para ir debullando esa historia do ensino local. Aínda así a falta de documentación e mesmo de libros de actas atrancan de xeito considerable a realización completa deste traballo.

En outubro dese mesmo ano en que bota a andar a Corporación municipal, solicitan permiso tres mestres para «*colocar su enseñanza*» no distrito: Bernabé Doporto, Vitorio Gayoso e Manuel Pérez Vaamonde. O concello resolve autorizar ao primeiro deles para instalarse na parroquia de Santa María de Ois para impartir ensino para esta e para a de Santiago de Ois, e a Vitorio Gayoso na de San Xulián de Coirós, para esta e as restantes do Cantón.

O 21 de xullo de 1838 o goberno aproba mediante lei un «*Plan de Instrución Primaria*»[6]. No mesmo establecese que todo pobo que chegue aos cen veciños terá a obriga de soster una escola primaria elemental completa. Ademais regúlase que a cada mestre de escola primaria pública deberáselle subministrar casa ou habitación suficiente para si e para a súa familia, sala axeitada para a escola e moblaxe da mesma, así como un soldo fixo non menor de 1.100 reais anuais, que poderá ser abonado en metálico ou en froito, segundo se acorde entre este e o propio concello que é quen ten a responsabilidade do ensino. Contémplase nese plan que nas poboacións onde por falta de recursos non fora posible establecer unha escola elemental completa procurárase instalar unha incompleta, na que se ensinen as partes máis elementais como ler, escribir e doutrina cristiá, por calquera persoa teñan ou non o título de mestre. Tamén se contempla a creación de escolas de nenas cando os recursos o permitan.

No citado Plan determínase que para ser mestre de escola primaria completa é preciso ter 20 anos de idade, haber obtido o título previo exame e presentar unha certificación do concello e do cura no que se acredite a boa

[6] *Gaceta de Madrid,* Nº 1381, 28 de agosto de 1838

conduta do solicitante. O nomeamento correspóndelle ao concello coa aprobación do Xefe Político da provincia. Tamén se establece a obriga de facilitarlle a todo mestre de escola primaria pública casa habitación para sí e para a súa familia e unha sala para a escola con todo o preciso para impartir o ensino. Créase a figura da «*Junta Local de Instrucción Primaria*», que estará composta polo Alcalde, un rexedor (concelleiro), un cura do distrito e dous veciños elixidos e nomeados polo propio concello.

A situación escolar na primeira metade do século XIX é realmente precaria. As escolas funcionan de xeito esporádico, adaptándose aos escasos fondos dispoñibles e, sobre todo, aos ciclos das colleitas, xa que se vai combinando a asistencia á escola coa axuda dos cativos no traballo do campo. A tempada escolar vaise ver reducida principalmente aos meses de inverno nos que as labores do campo adoitan ser de menor intensidade. Deste feito danos conta o acordo adoptado pola Corporación municipal en xullo de 1841 en vista da orde do Xefe Político da provincia para que os concellos se subscribiran aos Boletíns de Instrución Pública[7]:

> *[...]siendo las Escuelas del distrito puestas por labradores particulares que enseñan solo a leer y escribir con imperfección en solo temporadas de invierno en que concurren únicamente los discípulos porque los demás les dedican sus padres a la labranza por ser todos labradores de pequeño caudal, que pagan a los Maestros una corta reproducción en fruto al año sin haber otros productos para establecerse Escuelas formales parece que los indicados Boletines no serán de mucha utilidad en este expresado Distrito.*

[7] A.M.C. *Libro de Actas,* Caixa 75

En maio de 1841 a Alcaldía de Coirós remite ao Xefe Político da provincia o seguinte escrito[8]:

Contesto el V. de 29 del mes último, diciendo:
1º. Que en este distrito no hay Cátedra alguna de latinidad.
2º. Que hay cuatro escuelas de leer que las ponen cuatro vecinos labradores particulares a quienes pagan un tanto en fruto los padres de los muchachos que concurren a ellas por temporadas de menos trabajo de las tierras; a saber una en Santa María de Ois, a que hirán 20 alumnos; otra en Santa Marina de Lesa a que asistirán otros 20 id. id.; otra en San Julián de Coirós a que lo harán 6 id. id.; y otra en San Vicente de Armea parroquia de San Salvador de Collantres a que lo executarán 12 id. id.; y que en este dicho distrito no hay Colegio alguno de humanidades
28 de mayo de 1841
Manuel Pazin

Como se ve, o ensino é o mínimo para que os rapaces aprendan a ler, escribir e contar. Alfabetización básica e unha escasa inversión.

Resulta interesante subliñar a forma de pagamento ao escolante ou persoa encargada do rudimentario ensino desas escolas: «*[...] a quienes pagan un tanto en fruto los padres de los muchachos que concurren a ellas*». Aparece así unha referencia as chamadas «*escolas de ferrado*», nas que

[8] A.M.B. *Expedientes relativos a escolas públicas,* Caixa 3306

se pagaba un ferrado de centeo, trigo ou millo ao ano pola escolarización de cada neno[9].

Cando comeza a andar o ano 1842 o concello de Coirós aínda non procedera ao establecemento de escolas de instrución primaria que regulaba a lei de 1838. As causas quedan expresadas nos argumentos que a Corporación municipal envía á Deputación en xuño dese ano. Segundo a autoridade municipal, o establecemento de escolas non fora posible por non dispoñer de fondos suficientes a tal fin e non ser factible gravar aínda máis aos habitantes do concello, que xa soportaban impostos dabondo. Argumentaba o concello que[10]

> *[...]Para dotar siquiera dos Maestros indispensables en el Distrito se necesitan a lo menos diez reales diarios que importan al año 3.650 reales. Pagan por toda clase de contribuciones 22.232 reales que ambas partidas hacen 25.882 reales, tocando a cada vecino Labrador, contando con jornaleros y pobres 75 reales y mes. Ahora bien, supóngase que cada uno cultiva tierras cuyo valor principal asciende a 20.000 reales y que tiene ganados, que lo tenga de 1.200 reales las dos partidas hacen una de 21.200 reales. A un 10% de producto incluso el de Industria, importa 2.120 reales y bajadas las dos terceras partes por renta siembra y más preciso suplir para conseguirlo se quedan en 706 y pico líquidos. De estos paga 75 y resultan 631 reales a un real y 25 mvs diarios para comer y vestirse seis individuos calculados por matrimonio. Es de advertir que pocos se alcanzan en estos pueblos que cultiven bienes ni tengan ganados que importen el valor indicado, que la mitad no cul-*

[9] GABRIEL, Narciso de, (2001), *Escolantes e escolas de ferrado,* Vigo, Edicións Xerais

[10] A.M.C. *Libro de Actas,* Caixa 75

tivan sino algunas fincas unos y con los otros viven del jornal y de pordiosar viniendo a recaer las contribuciones y cargas sobre la otra mitad y pagar esta en 20% y más respectivamente de lo poco que alcanza su utilidad.

Á vista da escaseza de recursos a Corporación vai propoñer o establecemento dun arbitrio de dous marabedís en libra de carne que se vendese nun «*macelo*» (matadoiro) que había de instalarse no distrito e oito marabedís en cuartillo de augardente, todo elo co fin de establecer e soster as escolas que se crearan.

A finais de 1842 constitúense dúas escolas de instrución primaria no distrito de Coirós: unha delas no lugar de Pedrapartida, da parroquia de Santiago de Ois, para o servizo desa parroquia e máis das de Santa María de Ois e do lugar de Caresma; a outra no lugar dos Chas para servizo das parroquias de Coirós, Lesa, Collantres, Armea e o lugar de Espenuca da parroquia do mesmo nome. De igual xeito fíxase a dotación dos mestres que se han de facer cargo das mesmas en 1.100 reais ao ano, pagados por terzos polos veciños en cartos ou en gran, segundo repartimento que se faga ao efecto. A maiores percibirán medio real mensual pagado polos pais de cada alumno que acuda a escola. Establécese a obrigatoriedade de que os mestres han de ensinar de balde aos pobres de solemnidade que sexan declarados como tales polo propio concello. A pesar do acordo anterior atopámonos con que a escola de Pedrapartida vai ser instalada na parroquia de Santa María de Ois, concretamente no local da «*botilla*» da igrexa parroquial. As chamadas «*botillas*» eran construcións destinadas a almacén da igrexa e usados polos curas e confrades para comer o día do santo.

Moi probablemente ese almacén estaría situado a carón da casa reitoral, hoxe en día desaparecida.

Para ocupar o posto de mestre da escola de Pedrapartida soamente se presenta Antonio Barrós, veciño de Santiago de Ois, examinado e aprobado pola xunta da provincia de Pontevedra, polo que o concello outórgalle a praza en propiedade. Para a escola dos Chas non se presenta ningunha solicitude, en vista do cal o concello autoriza a Antonio Barrós para que nomee unha persoa da súa confianza para que, baixo a súa responsabilidade, ocupara a praza mentres non se presentara solicitude axeitada. Diante desta situación e para que os alumnos da escola dos Chas non quedasen sen educación, os veciños mobilízanse e solicitan que se permita a José da Riba, aspirante sen nomeamento oficial, a impartir clases na citada escola, comprometéndose este a educar aos nenos de familias pobres sen custo algún, conformándose coa retribución que lle desen os pais con máis posibles.

No Dicionario de Pascual Madoz[11], que comeza a publicarse en 1845, aínda que o seu autor inicia os traballos de elaboración quince anos antes, aparecen referencias a catro escolas dentro do concello de Coirós: unha situada na parroquia de Santa María de Ois á que acoden 40 nenos e 3 nenas, outra en San Xulián de Coirós á que concorren uns 60 alumnos de ambos sexos, e dúas en Santa Eulalia de Espenuca, pagadas polos país dos escolares e ás que acoden uns 50 alumnos a cada unha. Atopamos aquí xa a presenza de nenas nas aulas.

Supoñemos que, tanto a de Coirós como a de Santa María de Ois das que nos fala Madoz, eran as que no

[11] MADOZ, Pascual (1845), *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid

1836 xa autorizara a Corporación e das que deixamos feito mención.

No ano 1847 ordenase o establecemento dunha soa escola elemental completa no distrito, con unha dotación anual de 1.100 reais, ademais dun ferrado de centeo anual a cobrar dos pais que non sexan absolutamente pobres. A praza desta escola vaise adxudicar a Antonio Barrós quen viña exercendo nunha das dúas que estaban creadas desde 1842. Xa que o concello non dispoñía de local adecuado para fixar a escola na cabeza do distrito, acórdase que siga instalada na «*botilla*» da parroquia de Sta. Mª de Ois.

Como mostra da situación na que se atopa o ensino e o acceso dos mestres ao cargo, inserimos o anuncio de vacante da escola pública de nenas feito polo concello de Betanzos no ano 1848[12]:

> *[...] Las aspirantas deben saber leer y escribir correctamente, doctrina cristiana y las cuatro primeras reglas de aritmética; deben así bien coser, marcar, bordar de todas clases con perfección y desempeñar las demás labores análogas, propias del bello sexo [...] La que como más digna y de mayor instrucción sea elegida directora de la escuela indicada, tendrá casa cómoda para habitar en la Plaza del Campo, punto principal de este pueblo, huerta unida a la misma, cerrada y de bastante extensión, disfrutará anualmente de 58 ferrados de trigo, 37 de centeno, 12 de maíz, dos carros de leña, dos gallinas y 1843 rs. y 17 mrsen metálico, que es la renta asignada a dicho establecimiento, sin perjuicio de aumentarla cuando fuere posible, percibiendo asimismo la*

[12] *Gaceta de Madrid,* 6 Febrero 1848

retribución de las niñas ricas que, además de las pobres, puede admitir conforme al reglamento interior .

Chegados ao ano 1852 a «*Comisión Superior de Instrución Primaria*» da provincia dispón que no distrito municipal de Coirós se sosteñan dous distritos escolares: un en Coirós e outro nas parroquias de Sta. Mª de Ois e Santiago de Ois, coa dotación de mil reais cada un, ademais das retribucións achegadas polas familias podentes. Ordenase, ademais, que o concello proceda ao nomeamento das persoas que se han de encargar das respectivas escolas. Para a escola de Coirós noméase a Vicente Roel e para a completa de nenos de Sta. Mª de Ois a Antonio Barrós. A finais do 1859, ademais dos mil reais de soldo, os mestres percibían cincocentos reais para material ao ano.

En 1857 vai ver a luz a «*Ley Moyano*», pola que se ordenaba a escolaridade obrigatoria entre os seis e os nove anos. Tamén se lexislaba sobre o número de escolas que debían funcionar en cada distrito municipal en función do número de habitantes do mesmo, fixando unha de nenos e outra de nenas cada 500 habitantes. Os concellos viñan obrigados a soster estas escolas, baixo o control das «*Juntas Locales de Primera Enseñanza*», previa delimitación de distritos escolares segundo a poboación.

No artigo 287 da citada lei, establecíase a composición desas Xuntas, das que formaban parte o alcalde, un concelleiro, un eclesiástico nomeado polo respectivo diocesano e tres ou máis pais de familia. Todos eles serían nomeados polo Gobernador da provincia. Desa xunta local van formar parte en 1859, Silvestre Golpe como Presidente; Antonio Tomé segundo Tenente Alcalde; Pedro Medal, Manuel Pacín e José Vázquez como pais de fami-

lia; e Ignacio Cadaveira como crego de Santa María de Ois.

Dunha visita levada a cabo pola Inspección á escola de Ois en 1861, extraemos os seguintes datos facilitados á mesma polo mestre Antonio Barrós, que nos dan unha dimensión clara das condicións nas que se impartía o ensino[13]:

> *«1º. La enseñanza se daba anteriormente en una caseta votilla de la Parroquia o Yglesia, careciendo de piso, de luces y mucho más de techo para guardar agua y otra clase de intemperie, por lo que el profesor tuvo que trasladar la enseñanza a un cuarto de una casa en el lugar do Fontelo, que alquiló y está pagando en donde no puede vivir ni avitar por ser muy reducido el local aun solo para la enseñanza y a fuerza de sacrificios para prestarla.*
> *2º. Los muebles y enseres de la escuela son muy poco aparentes para el magisterio, solo hay cinco mesas de mala construcción con sus bancos de sentarse por el mismo estilo y una mesita muy reducida para el profesor, y todo echo de la cuenta del mismo.*
> *3º. No hay medios de materiales de instrucción, nada mas que muestras de escritura, pero no tableros para la clase de lectura, punteros, encerados, pizarras, pizarrines y otros que son indispensables para dar la enseñanza.*

Do mesmo informe concluímos que os nenos matriculados nesa escola eran setenta e sete, incluídas tres nenas, que se distribuían do seguinte xeito: 7 menores de 6 anos; 39 en idade de 6 a 10 anos; e 31 maiores de 10 anos.

---

[13] Archivo Histórico Universitario de Santiago (A.H.U.S.), *Expediente de visita de Inspección a la escuela pública elemental completa de niños de Santa María de Ois, 27-11-1861,* Sig. F.U. Enseñanza Primaria, Caja 27, Porción 2ª, P.26: Ois

Deste total, o mestre informaba que habitualmente asistían ás clases uns vinte e catro, excepto no inverno que o facían maior número deles, xa que era precisa en menor medida a súa axuda nas tarefas do campo, e que trinta e cinco estaban dispensados do pago de retribucións. Segundo se sinala no citado informe, o salario do mestre era de 2.500 reais, dos cales 625 estaban dedicados a materiais e 200 a aluguer do local. As cantidades que achegaban os pais que podían, ascendían a 240 reais, importe dun ferrado de centeo que cada un pagaba ao ano.

O inspector, Antonio de la Yglesia, advírtelle ao mestre que: *«[...] por cuenta de lo que se le libra para alquileres proporcione local espacioso, abrigado y a propósito para la enseñanza».*

En 1873, como se verá máis adiante, haberá un intento de traslado da escola de novo á casa botilla, traslado que non se levará a cabo por diversas circunstancias.

Nese mesmo ano, a Inspección xira visita tamén á escola de nenos de Coirós, que está a cargo do mestre José da Riva, quen subministra os seguintes datos[14]:

> *«1º. La Escuela se halla situada en el lugar de los Chas, en una parte de Casa en que vive el mismo Profesor por no haber local propio en el cual no tiene piso alguno y con muy pocas luces, circunstancias que debió reunir para el magisterio.*

Di o mestre, no informe que incorpora á visita de Inspección, que os nenos matriculados nesa escola son 61,

---

[14] Archivo Histórico Universitario de Santiago (A.H.U.S.), *Expediente de visita de Inspección a la escuela pública de niños de Coirós, 1-12-1861,* Sig. F.U. Enseñanza Primaria, Caja 27, Porción 2ª, P.25: Coirós

distribuídos do seguinte xeito: 5 menores de seis anos; 37 de entre seis a dez anos; e 19 maiores de dez anos. A asistencia diaria ás clases pode calcularse en 20 nenos, agás no período invernal no que a asistencia é maior. Dos sesenta e un alumnos, tan só 27 están dispensados do pago das retribucións ao mestre, ao que tamén se surte de todo o preciso para a instrución. O salario anual é de mil reais, dos que 250 están destinados para menaxe e 100 para aluguer. As retribucións achegadas polos pais ascenden a 270 reais anuais, importe dun ferrado de trigo.

Un dato importante extraído do informe da Inspección dinos que a escola incompleta de nenos de Coirós estaba supeditada á de Santa María de Ois como escola principal e o seu mestre debía someterse á dirección do de Ois.

En 1868 vai producirse en España a chamada «*Revolución de 1868*», un levantamento revolucionario que suporía o destronamento da raíña Isabel II e o inicio do «*Sexenio Revolucionario*».

Durante ese sexenio (1868-1874) veu a luz unha nova lexislación educativa que foi ampliando as competencias dos concellos nesta materia. Todo o referente á creación, reforma e supresión de escolas pasou a depender dos concellos, previo acordo da deputación e do gobernador civil. Así o Decreto de 14 de outubro de 1868 concedía ás corporacións locais o dereito a nomear mestres das escolas públicas. Tamén se modificou a formación das «*Juntas Locales de Instrución Primaria*» cuxos compoñentes agora serían nomeados polos propios concellos. A partir de 1870 o pago dos mestres deixaría de realizalos a «*Junta Provincial de Primera Enseñanza*», pasando a facelo o con-

INSTRUCCION PÚBLICA.

Boletín oficial de Instrucción Pública

cello respectivo, co que se xeneralizaron os atrasos nos pagos.

En 1869 atopamos en Coirós a existencia de tres escolas públicas: unha elemental completa de nenos que rexenta Antonio Barrós e que acolle a nenos de Santa María e Santiago de Ois, outra incompleta de nenos que rexe José Riba Martínez en Coirós, e unha terceira incompleta de nenas en Coirós, na que imparte ensino Carolina López Domínguez. Nesa época os locais destinados a escola son casas alugadas. Una delas propiedade de Pedro Pérez pola que cobraba 10 escudos semestrais, outra de Domingo González cunha renda de 4 escudos 665 milésimas, e outra de Aquilino Estrada pola que se pagaba 4 escudos 446 milésimas, tamén semestrais.

En 1871 falece o mestre Antonio Barrós Sánchez, pasando a ocupar a praza de xeito interino o seu fillo José Barrós Pérez, quen xa a viñera desempeñando durante a longa enfermidade do seu proxenitor. O 14 de novembro de 1872 será nomeado mestre en propiedade pola «*Junta Provincial de Primera Enseñanza*» da Coruña, para exercer na escola de Santa María de Ois, despois de competir pola praza con Nemesio Barrós Conde e con Antonio Regueiro Bello, da cal tomará posesión o día 21 dese mesmo mes, co soldo de 625 pesetas.

A escola completa de nenos de Santa María de Ois que está situada no lugar do Fontelo, na casa propiedade

de Pedro Pérez, acórdase a comezos de 1873 que sexa trasladada á «*casa botilla*» situada xunto á igrexa daquela parroquia[15] «*[...] donde existió desde tiempo inmemorial antes de esta fecha, mediante a que es el único punto céntrico de las parroquias de Ois, Santa María y Ois, Santiago*».

Como o estado ruinoso do local non permite, de momento, o traslado dos mobles e demais útiles, acorda a Corporación que se realicen as obras necesarias por conta dos fondos da Fábrica ou doutra confraría da parroquia, gastos que despois se comprometía a abonar o concello por conta dos fondos municipais durante os seguintes seis anos. Un ano despois o traslado aínda non se levara a efecto, probablemente por reticencias do cura de Sta. Mª de Ois, nada proclive a que se ocupara un edificio parroquial que estaba baixo a súa custodia. A finais do ano 1874 varios veciños de Santiago e Santa María de Ois solicitan que se leve a cabo o traslado da escola á «*casa botilla*», tal como xa se tiña acordado había máis dun ano. A Corporación acorda outra vez o traslado da escola previo arranxo do local, e nomea aos concelleiros José Golpe Sánchez e José Cabanas Seoane para formar o proxecto e recoñecemento das obras, xunto co canteiro Isidro Vidal e o carpinteiro Manuel Ruzo.

En 1879 existen en Coirós tres escolas: unha incompleta de nenas en San Xulián de Coirós a cargo da mestra Ángela Louzao San Miguel; unha incompleta de nenos, tamén en San Xulián de Coirós, a cargo do mestre José da Riva Martínez; e a terceira completa de nenos na parroquia de Santa María de Ois a cargo do mestre José Barrós Pérez. A finais de novembro dese ano a Inspección xira visita ás escolas do distrito de Coirós, reflectindo

[15] A.M.C., *Libro de Actas,* Acta de 15 Febreiro 1873. Caixa 119

unha serie de datos que nos darán unha dimensión do pouco avance que experimenta o ensino desde a visita realizada no 1861.

A escola incompleta de nenas estaba situada na casa do concello, un edificio que nos seus días fora destinado a portádego e que en 1874 foi cedido polo Estado ao concello de Coirós para destinalo a casa consistorial. O inspector Manuel Panero realiza a visita a esta escola o día 20 de novembro, non atopando ningunha alumna presente, lamentando o pouco interés que se ten pola escolarización das nenas. Constátase que as nenas non asisten a esa escola, preferindo os país envialas á incompleta de nenos, feito que o inspector proponse prohibir no sucesivo. A xuízo dalgúns autores, este feito responde a un rexeitamento dos pais polo ensino impartido polas mulleres e dáse, non só en Coirós, senón tamén noutros concellos rurais de Galicia. Na acta de inspección sinálase que o local no que se atopa a escola é bo, pero está desprovisto do material preciso. O número de nenas matriculadas é de tan só once, unha delas menor de seis anos, oito en idades comprendidas entre os seis e os dez anos, e dúas maiores de dez anos.

Polo que se refire á escola incompleta de nenos de Coirós, ocupa un local alugado polo concello. A xuízo da Inspección o local e moi malo e, polo tanto, inadmisible, ata o punto de que si non se proporciona outro mellor debe pecharse a escola polo ben dos nenos[16].

[16] Archivo Histórico Universitario de Santiago (A.H.U.S.), *Expediente de visita de Inspección a la escuela pública incompleta de niños de Coirós, 21-11-1879,* Sig. F.U. Enseñanza Primaria, Caja 29, Porción 2ª, P.35: Coirós

«En el día de la fecha he hecho la que a esta escuela incompleta de Coirós corresponde, experimentando crecido pesar al ver el lamentable estado en que la hallo. Inadmisible local reducido a un insignificante portalucho, sin abrigo ni decencia, causando vergüenza que esto se llame escuela. Lo haré así presente a la Junta Local y si esta no proporciona otro mejor gestionaré con la Provincial para que cierre esta escuela o autorice al Maestro a que busque otro por sí mismo, cueste mucho o cueste poco»

Advirte o inspector que debe despedirse ás nenas que acoden a esta escola, que é de nenos, e polo tanto deberán ir á incompleta de nenas que é a que lles pertence.

A escola completa de nenos de Santa María de Ois, a cargo de José Barrós Pérez, está situada no lugar do Fontelo e a ela acoden un total de 116 nenos, dos cales 50 teñen idades comprendidas entre os seis e os dez anos, e 66 teñen máis de dez anos. Deste total tan só van á escola ordinariamente entre corenta e corenta e catro nenos.

Na visita de Inspección que se realiza á escola o día 23 de novembro de 1879[17], o inspector Manuel Panero informa que o local que ocupa a escola está en malas condicións, que carece do aseo necesario, as ventás non teñen cristais e as portas son tan inseguras que xa foi roubada dúas veces. O tellado está en malas condicións de xeito que chove dentro dela, *«[...] y hasta patatas tiene el dueño, que es del Ayuntamiento, dentro del mismo local»*

[17] Archivo Histórico Universitario de Santiago (A.H.U.S.), *Expediente de visita de Inspección a la escuela completa de niños de Ois, 23-11-1879,* Sig. F.U. Enseñanza Primaria, Caja 29, Porción 2ª, P.34: Coirós

Dí o inspector que «*El local necesita reparos que el dueño no hace, para que sea servible. Hay otro cercano que puede arrendarse*»

Desafortunadamente non contamos con máis datos sobre a época de finais do século XIX ao carecer o arquivo municipal de Coirós das actas correspondentes a época comprendida entre 1875 e 1901.

Situación do ensino na provincia da Coruña a finais do século XIX

En 1885, segundo unha enquisa elaborada pola Inspección, na provincia da Coruña había un total de 931 escolas, entre públicas e privadas, correspondendo unha escola por cada 658 habitantes[18]. Dese total de escolas, 660 eran públicas, das cales 519 estaban a cargo de mestres e 141 a cargo de mestras.

Nesa enquisa tamén se recollían datos moi significativos sobre os locais nos que se impartía ensino, dos que se concluía que a maioría non reunían as mínimas condicións esixibles para que os mestres desenvolveran con eficacia a súa labor. Do total de escolas públicas tan só 77 estaban en locais propios e as restantes estaban en locais alugados, construídos con distinto fin que o do ensino, de xeito que a maioría das veces compartían espazos con vivendas particulares que non reunían as condicións necesarias para o ensino.

Coirós non era alleo a esta situación e así en 1899 a mestra da escola de Coirós, María de los Remedios Lence Pérez, vai formular unha denuncia diante da Inspección sobre o estado ruinoso do edificio que ocupaba.

---

[18] *El Magisterio Gallego*. 5 abril 1886

Con respecto a esta situación o mestre e director do xornal «*El Magisterio Gallego*», D. Celestino Buján Suárez, escribía[19]:

> *«En toda población el edificio destinado a escuela debe estar en paraje relativamente alto para evitar la humedad fría y otras emanaciones propias de parajes bajos y no ventilados, en un punto céntrico a la población escolar, con objeto de que a todos los niños sea cómoda la asistencia a las clases [...] debe evitarse también que a inmediaciones del edificio haya estercoleros, aguas estancadas, fuentes públicas, tabernas [...] Será conveniente que el Maestro habite en el mismo edificio de la escuela para que no haya obstáculos que le impidan presentarse en el local a las horas de clase, con tal que en dicho edificio pueda disponerse de habitaciones suficientes y capaces para el y su familia, pero con la conveniente distancia e independencia, que si no , es preferible viva en otro sitio.»*

En canto á titulación dos mestres e mestras que naquela época estaban á fronte das escolas públicas na provincia da Coruña, 84 tiñan título superior, 211 tiñan título elemental, 331 posuían certificado de aptitude, e 23 carecían de título ou certificado.

Como exemplo desta situación, en xullo de 1906 o Reitor da Universidade de Santiago vai ordenar que se clausure a escola particular que rexenta en Coirós D. Joaquín Otero Sánchez, ao carecer este de aptitude legal para o desempeño do cargo de mestre.

O número de alumnos matriculados nas escolas públicas existentes en 1885 na provincia da Coruña era de

[19] *El Magisterio Gallego.* 25 diciembre 1887

37.899, dos cales 26.480 era alumnos e 11.419 eran alumnas.

En canto ao número de alumnos e alumnas que asisten ás clases a enquisa reflicte que dos 37.899 alumnos e alumnas que estaban matriculados en escolas públicas da provincia, tan só asisten, por termino medio, 21.535 o que representa que o 43% non acude ás clases.

Os datos relativos ao custe que representan para os fondos municipais o sostemento da totalidade das escolas públicas existentes na provincia, revelan que 334.119 pesetas vanse en salarios e dotacións ao persoal docente, 90.217 pesetas en retribucións, 8.529 pesetas en material e 57.105 pesetas en alugueres.

Non obstante as retribucións do persoal docente distan moito de ser as adecuadas, e así desde a revista de instrución primaria «*El Magisterio Gallego*» reivindícase a nivelación de salarios das mestras e cúlpase aos concellos de escatimar os soldos asignado ás mestras[20]

> «*La funestísima R.O. de 27 de mayo de 1885 dictada por el Sr. Pidal, ha venido a echar por tierra las fundadísimas esperanzas que habíamos concebido, respecto a que con la ley de 6 de julio de 1883, la situación y condición de las maestras todas, mejorase sobre todo el gran número de las que disfrutan los exiguos sueldos de 275 a 500 pesetas, insuficientes hoy para atender a las necesidades de la vida. [...] los Ayuntamientos se han negado en su mayoría a pagar a nuestras abonadas el sueldo de 625 pesetas asignado como mínimun a las escuelas incompletas, sueldo que no es posible mermar ni en un sólo céntimo si las maestras han de*

[20] *El Magisterio Gallego.* 25 julio 1886

vivir sin estrecheces ya que no con holgura y bienestar, cosas ambas incompatibles con tan pequeño haber.»

O ENSINO NA PRIMEIRA METADE DO S. XX

A comezos do século XX atopamos a existencia de tres escolas en todo o concello: dúas en Coirós (unitaria de nenos e unitaria de nenas) e unha en Santa María de Ois (mixta).

A mediados de 1903 a «*Junta Provincial de Instrución Pública*» ordena á Inspección que realice unha visita ao distrito de Coirós con fin de coñecer as condicións precisas que reúne para poder confeccionar os distritos escolares previstos na Real Orde do 31 de decembro de 1902. O inspector Julián Rivera Fernández percorre o concello, examinando os grupos de poboación do mesmo, as distancias duns a outros e as condicións dos camiños municipais que unían as distintas aldeas, propoñendo ao fin a seguinte distribución[21]:

> *[...] 1º. Que deben formar el distrito de la escuela elemental completa de niños e incompleta de niñas las entidades de Coirós de Arriba, Coirós de Abajo, Chas, Meijón Frío y Roibal, de la parroquia de Coirós y los de Armea, Collantres, Queirís y edificios diseminados.*

[21] A.M.C. *Libro de Actas*, Acta 31 xullo 1903

2º. Que deben constituír el distrito escolar de la escola incompleta de niños de Ois las entidades de Casal de la parroquia de Santiago de Ois, las de Anta, Boqueixón, Flores, Fontelo, Jora, Loureiros, Parada, Pataqueiro, Penas y Recebés de la de Santa María de Ois, así como los edificios diseminados de las parroquias de Santa María de Ois y Santiago de Ois, con cuya división cree que quedan atendidos los intereses del vecindario y los de la enseñanza

A Corporación municipal da por boa a distribución feita pola Inspección, aprobando por unanimidade o traballo realizado polo inspector.

A escola mixta de Ois vai emprazarse no lugar do Fontelo, nunha casa propiedade de Eugenio Corral Golpe, onde tamén se aloxará a mestra que estaba a fronte da mesma e pola que o concello terá que aboar cen pesetas de aluguer ao ano.

Un periódico editado en Betanzos en setembro de 1907, describe deste xeito a escola de Ois[22]:

[...] El domingo anterior, los hermanos Sres. Corral, volvieron a reunir en su bella finca de Espenuca a varios distinguidos amigos de esta localidad [...] Por la tarde fueron de excursión al Fontelo para ver la hermosa casa escuela que allí está edificando D. Eugenio y cuyo edificio no deja nada que envidiar a los de algunas ciudades, tanto en comodidad como en condiciones higiénicas. Cuenta con un amplio salón para clase, perfectamente ventilado por ambos costados, y numerosas y holgadas habitaciones para el maestro y su familia, teniendo puestos independientes la escuela y la vivienda.

[22] HEMEROTECA BETANZOS. *La Aspiración*. 22 setembro 1907. pp. 3

As escolas de Coirós ocuparán espazo na casa do concello, compartindo esta coas oficinas municipais. Alí vai vivir tamén a mestra de nenas, mentres que o mestre da escola de nenos ocupará vivenda nunha casa propiedade de Antonio García Lodeiro, pola que o concello abona 100 pesetas en concepto de aluguer.

O propietario da casa escola de Ois, Eugenio Corral Golpe, solicita un aumento da renda que supón o dobre do que viña percibindo ata esa data, é dicir, duascentas pesetas anuais. Motivaba o citado aumento no custe das obras que se vira obrigado a facer no edificio, que ascendían a 4.750 pesetas, necesarias polo elevado número de alumnos que asistían a diario á esa escola. A Corporación, despois de concluír que no distrito escolar de Santa María de Ois non existía outro edificio que reunira as condicións de situación céntrica, capacidade e ventilación, ademais de contar con habitación capaz e decente para a mestra e a súa familia, acorda arrendar a casa de Eugenio Corral por un prazo de quince anos e por unha renda anual de 200 pesetas[23].

A mediados do ano 1909 a Xunta Local vai propoñer unha serie de obras que é preciso levar a cabo nos locais que ocupan as escolas completas de nenos e nenas de Coirós, consistentes na reparación do piso, substituíndo o que había por un novo de madeira ou ladrillo na súa parte inservible; construír un retrete fora do local da escola para servizo do profesor e dos nenos, unido pola parte exterior á parede do sur do edificio e proceder ao branqueo do local; todo isto no referente ao local da escola dos nenos. Polo que respecta ao local da escola das nenas,

[23] A.M.C., *Libro de Actas*, Acta 29 decembro 1907, Caixa 120

a Xunta considera necesario realizar obras de rectificado do piso, dotar de soportes ás ventás para evitar os golpes que o vento produce nelas e revocar con cal e area as tellas da casa da mestra. A Corporación considera xustas as obras solicitadas pola Xunta Local e acorda que, dada a urxencia das mesmas, se realicen con cargo a un crédito extraordinario, xa que no orzamento dese ano non hai consignación para as mesmas[24].

Curiosamente, mentres se propón a realización desas obras, a Xunta Local tamén toma o acordo de solicitar ao concello que se abra un concurso para alugar outros novos locais capaces e adecuados, onde establecer as escolas completas de nenos e de nenas de Coirós, por resultar insuficientes as que hai para os alumnos que asisten a elas en sesións de mañá e tarde. En vista desta solicitude, a Corporación acorda[25]

> *[...] que se abra concurso para adquirir en arrendamiento dos locales capaces y adecuados, y que mejores y más condiciones reúnan dentro de las exigidas por la Instrucción técnico higiénica de 28 de abril de 1905, para instalar en uno de ellos el local de enseñanza de la Escuela completa de niños de Coirós, y en el otro el de la Escuela también completa de niñas de la capital del Ayuntamiento cuyo concurso se abrirá por el plazo de 15 días, que se contarán desde el siguiente al en que tenga efecto la inserción del edicto correspondiente en el BOP para que puedan los propietarios de edificios situados en la parroquia de Coirós ofrecerlos en arriendo al Ayuntamiento por el plazo de cuatro años que ha de tener de duración el contrato advir-*

[24] A.M.C., *Libro de Actas*, Acta 10 agosto 1909, Caixa 120
[25] A.M.C., *Libro de Actas*, Acta 31 agosto 1909, Caixa 120

tiéndoles que en las proposiciones que presenten, además del precio anual por que las ofrezcan, han de hacer constar las condiciones de capacidad, iluminación y ventilación que cada uno de dichos edificios reúna, y el punto o lugar de la parroquia de Coirós en que están situados.

Non existe constancia do resultado dese concurso, polo que as escolas de Coirós seguirán ocupando, nos vindeiros anos, os mesmos locais nos que viñan impartindo clase. E así seguen a facerse obras de mellora no edificio que as escolas comparten coas dependencias municipais. A mediados de 1910 a Xunta Local vai propoñer ao concello que se abra unha entrada á escola de nenos polo sitio que ocupa a ventá do lado sur do edificio e o peche definitivo da entrada que había. Xustifícase a petición na necesidade de que exista a debida separación entre nenos e nenas na súa entrada ás claes, «*[...] evitando de este modo escenas poco edificantes...*», así como o deterioro do portal de entrada que era común ás escolas e ao salón de sesións do concello.

Tamén nese mesmo ano atopamos que a Corporación municipal vai contribuír cun total de cen pesetas para premios a repartir entre os alumnos de todas as escolas do concello que, a xuízo da Comisión avaliadora integrada polos membros da «*Xunta Local de Enseñanza*», o merezan, co fin de estimulalos na súa asistencia ás clases e o aproveitamento da instrución. O encargado de examinar aos escolares vai ser o crego de Coirós, José Rey Barreiro.

No ano 1912 forman parte da «*Junta Local de Primera Enseñanza*», o alcalde Pedro Medal Gómez; Víctor Cancela Noguerol como inspector de sanidade; os concelleiros

Andrés Fraga Golpe e Jacobo Carro Vales; o cura de Coirós José Rey Barreiro; e como pais e nais de familia Manuel Seoane Neira, José Fraga Bugallo, Francisca Rodríguez Estrada e Ramona Sánchez Seoane. Así mesmo forman parte da «*Delegación de Vigilancia*» os veciños Braulio Valiño Rivas para a escola de Santa María de Ois e José Sánchez Fraga para a de nenos e nenas de Coirós.

En maio de 1913 establécese mediante Decreto as atribucións das «*Juntas Locales de Primera Enseñanza*», entre as que están os de coidar de que os mestres non se ausenten en días laborables sen permiso da autoridade correspondente e que permanezan nas clases durante as horas regulamentarias; procurar que a escola estea limpa e aseada; mandar facer o branqueo e reparacións necesarias nas mesmas; propoñer a creación de novas escolas e atender a conservación e reparación das existentes.

A comezos do ano 1915 a «*Junta Local de Primera Enseñanza*», presidida polo alcalde Tomás Pena Veiga, propón á Corporación Municipal a creación dunha escola mixta no lugar do Casal, na parroquia de Santiago de Ois. Arguméntase que no concello hai un número insuficiente de escolas para a numerosa poboación escolar que existe en todo o distrito[26].

> *[...] Esta falta de escuelas que da lugar al gran número de analfabetos que existen en este Ayuntamiento, se extiende a muchos lugares del mismo, pero con especialidad por lo aislado que se encuentran a los de Casal, Combarro, Castrillón, Jora y Caresma, motivo por el que el vecindario se ve en la imposibilidad de atender a la educación e instrucción de sus hijos por toda vez que la escuela más próxima*

[26] A.M.C., *Libro de Actas*, Acta de 21 marzo 1915, Caixa 120

que es la mixta del Fontelo, dista del más cercano de dichos lugares como unos cuatro kilómetros aproximadamente, lo cual unido a lo intransitable de los caminos, sobre todo en época invernal, y dado lo lluvioso del clima en este país, es casi permanente, hace imposible a los niños el poder concurrir a dicha escuela, dificultad que iría en aumento si trataran de asistir a las que radican en el lugar de Coirós, de donde distan de cinco a seis kilómetros, también por caminos de penoso tránsito. Por otra parte aún prescindiendo de estas dificultades, la asistencia a dichas escuelas sólo podía redundar en perjuicio de la enseñanza por cuanto la matricula de escuela de niños de Coirós alcanza 75 alumnos siendo aproximadamente igual la de niñas del mismo lugar y la mixta de Fontelo asciende a más de 100, motivo por el que se verían en la imposibilidad de poder admitir a más matriculados.

De crearse una escuela mixta en el lugar de Casal que es el centro de los demás y cuenta con una población escolar de 30 alumnos, podría formarse un distrito escolar compuesto de dicho lugar y el de Combarro con 25 alumnos de población escolar, Castrillón con 10, Jora con 15 y Caresma con 20, que distan del primer lugar, o sea del Casal, un hectómetro, dos kilómetros, uno y dos, respectivamente, pudiendo añadir además a los anteriores grupos diseminados que entre todos cuentan con una población escolar de 12 alumnos y están a poca distancia del Casal.

O concello admite que dispón de local adecuado para a instalación da citada escola e comprométese a facerse cargo de tódolos gastos que supoña a creación da mesma, tal como se lle solicita desde o goberno como requisito indispensable para a súa instalación.

A escola vai ser concedida en agosto de 1918 e instalarase na casa propiedade de Fortunato Golpe Rodríguez, pola que o concello pagará unha renda anual de 100 pesetas en concepto de aluguer de escola e habitación para o mestre. O primeiro mestre en impartir clases nesta escola do Casal será Pastor Sánchez Valledepaz que será nomeado con carácter de interino co data 31 de decembro de 1918, sendo substituído por Valeriano Sanz Asensio quen, con carácter definitivo, vai tomar posesión do cargo en maio de 1919, asignándolle un salario de 1.250 pesetas.

Segundo se establecía no Decreto de creación das «*Juntas Locales de Primera Enseñanza*» de 1913, nas localidades onde o concello non dispuxera de casas propias en condicións para habitación dos mestres, tería que abonar a estes mensualmente unha cantidade suficiente en concepto de aluguer. Deste xeito atopámonos que en 1919 o concello abonaba ao mestre de Coirós, Manuel Calvo Budiño, a cantidade de cen pesetas en concepto de aluguer de casa habitación para o mesmo ano.

No mes de xuño de 1919[27] o concello vese na obriga de reorganizar a «*Junta Local de Primera Enseñanza*», debido a que varios dos cargos que a ocupaban estaban vacantes, como era o caso do médico titular Pedro Labandeira, as dúas nais de familia e o mestre que fora trasladado de destino. Así pois, o concello propón aos cregos José Rey Barreiro, Alvaro Rey Vázquez e Avelino Soneira Abad, para que o prelado da diocese nomee a un deles como vocal eclesiástico da citada Xunta. De igual xeito propón como pais de familia a Pedro Mosquera González e Andrés Álvarez Gómez, e como nais a Carmen Seoane

[27] A.M.C. *Libro de Actas,* Acta 22 xuño 1919, Caixa 120

Pato e Ramona Sánchez Seoane, para que o gobernador civil os nomee como integrantes da Xunta. Pola súa parte, o concello nomea a Victoriano Docampo Rodríguez como médico titular e aos concelleiros Juan López Álvarez e Manuel Carro Vales como delegados. Por último noméase ao mestre da escola de Coirós, Manuel Calvo Budiño, elixido para o cargo polos demais mestres do distrito.

A comezos de 1920 vaise crear en Santa María de Ois unha «*Comisión Ejecutiva*», formada, entre outros, polos veciños José Brañas Mahía, Manuel Barrós, Melchor Rodríguez, Pedro Vidal, Julián Rodríguez e Pedro Pardo. O fin principal desta Comisión vai ser promover a construción dunha escola na parroquia. Para elo propoñen a supresión da escola mixta que ven funcionando ata aquela data, segundo eles, en condicións deplorables e a creación dunha unitaria de nenos e outra de nenas.

Casa de Fortunato Golpe, no Casal. Local da escola. Foto actual

[...] en la cual se amontonan, como rebaño inconsciente, niños de ambos sexos que, nacidos en míseras condiciones, traen en sí el sello de la pauperación orgánica y que en ese estado indefinible de salud, llegan estas infelices criaturas a la escuela de Ois, y allí hacinadas, en un local carente de los más rudimentarios principios higiénicos y pedagógicos, sin jardín ni patio a donde pudieran salir para satisfacer necesidades fisiológicas, a la vez que suministraban aire puro a sus pulmones y luz abundante a sus pupilas; la sala de clases sin la cubicación, sin ventilación ni luz y dotada de un escasísimo mobiliario prehistórico; esas criaturas permanecen allí durante seis horas diarias, ocupando unas mesas y bancos no menos nocivos que el salón de clases. [...] Por eso queremos suprimirla, aunque era mejor quemarla y aventar sus cenizas. [...] Por eso nosotros hemos dado ya el paso principal solicitando dos escuelas nacionales para Ois: una de niños y otra de niñas. El Inspector de Primera Enseñanza de esta zona y el Inspector Jefe han informado favorablemente nuestra pretensión después de girar la visita necesaria a estos lugares. La creación de estas escuelas llevan consigo la supresión de la mixta ya existente y su consecución será fácil y rápida dado el apoyo con que contamos del informe que hemos obtenido de los Inspectores.

Esta Comisión xa tiña acadado o informe favorable da Inspección pero, aínda que o custe dos salarios dos mestres e o material sería sufragado polo Estado a través do Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes, o atranco principal era o da construción do edificio e, sobre todo, a falta de recursos para elo.

Por esa época preside a Corporación municipal de Coirós José Castrillón López. En agosto dese mesmo ano a «*Junta Local de Primera Enseñanza*», sen dúbida influenciada polas reivindicacións expostas pola comisión de veciños formada en Ois, propón a creación dunha escola mixta na parroquia de Collantres, desempeñada por mestra, outra unitaria de nenos en Santa María de Ois e converter en unitaria de nenas a mixta que existía nesta última parroquia. Así mesmo propón que o concello abone con cargo aos fondos municipais os gastos de instalación das referidas escolas, así como o aluguer dos edificios para as mesmas e as habitacións para os mestres, dado que o concello non dispón de locais adecuados para a instalación destas novas escolas[28].

A Corporación municipal na sesión que celebra o día 8 de agosto acorda aprobar o proxecto presentado pola xunta e solicitar do Ministerio de Instrución Pública a concesión das escolas e a conversión da existente. Segundo se manifesta no expediente a poboación escolar de Collantres e Armea, para a que se pide a creación dunha mixta, ascende a máis de cen nenos, e a de Santa María de Ois excede de cen nenos e cento vinte nenas, número máis que suficiente para xustificar a disgregación.

Unha das razóns que da o concello para esta nova distribución do mapa escolar de Coirós baséase na necesidade de instruír aos futuros emigrantes:

> *[...] Que siendo aquí muy importante la emigración para las Américas, es nuestro deber procurar que los que emigran lleven la preparación suficiente para la lucha por la existencia.*

[28] A.M.C., *Libro de Actas*, Acta 8 agosto 1920, Caixa 121

A Corporación vai ter un aliado nas súas peticións diante do ministerio en Pedro Seoane, deputado a Cortes por Betanzos e en Agustín García Sánchez, líder do partido liberal en Betanzos, que van realizar xestións para acadar as concesións solicitadas polo concello de Coirós.

Pola súa parte, a Comisión de veciños de Santa María de Ois segue a traballar na consecución dun local de nova construción que albergue as escolas que se pretenden crear na parroquia. Ante a falta de recursos deciden dirixir unha «*Circular*»[29] aos emigrantes da parroquia en Bos Aires que daquela estaban agrupados baixo a Sociedade «*Hijos de Ois de Ayuda Mutua*». No chamamento que a comisión de veciños de Ois fai aos emigrantes para que estes contribúan economicamente para dotar á parroquia dun edificio escolar, expoñen os seguintes razoamentos:

> *[...] Nosotros y los vecinos de toda la parroquia, cuya voluntad publicamente manifestada en distintas reuniones, representamos, queremos instalar las escuelas en un edificio de moderna construcción, sencillo, de poco coste, hermoso, higiénico, que sus dos salones de clases reúnan las más irreprochables condiciones de salubridad por sus dimensiones, capacidad, ventilación y luz, sin olvidar, si a ello podemos llegar, patio y jardín, que estarán divididos convenientemente para la separación de sexos en las horas de recreo. Dotémosle luego de mobiliario moderno y tendremos realizado nuestro ideal de escuelas a donde los niños concurrirán alegres, estimulados por la hermosura del edificio de la comodidad de sus salones, de aire y de sol.*

[29] *«Los vecinos de Ois (Santa María) Coruña a sus hijos ausentes. Circular»*, El Correo de Galicia, 19 decembro 1920, pp. 3

Más nuestro proyecto de levantar ese edificio en el sitio más hermoso del Fontelo, tropieza con el gran obstáculo de la falta de recursos [...] ¿Qué nos queda entonces?, requerir a nuestros hermanos de América, a todos los que han nacido en este querido pueblo de Galicia para que manifiesten su nunca desmentida filantropía contribuyendo.

A Gaceta de Madrid número 311, de 7 de novembro de 1922, vai publicar a creación con carácter provisional dunha escola mixta a cargo dunha mestra para Collantres, a situar no lugar de Queirís, e unha unitaria de nenos en Santa María de Ois, convertendo a mixta existente nesta última parroquia en unitaria de nenas, tal como tiña solicitado o concello.

Casa de Domingo Pato, no Fontelo. Escola de nenos

Xa que o concello non dispón de locais para a instalación destas escolas de nova creación, verase obrigado a convocar un concurso para que os propietarios dos edificios que reúnan as condicións de hixiene e seguridade adecuadas, presente as súas propostas, co prezo anual de aluguer e demais condicións que queira facer constar no contrato de arrendamento.

Para a escola de Santa María de Ois presentan ofertas Eugenio Corral Golpe e Angel Rivera Rodríguez. O primeiro ofrece unha casa no lugar do Fontelo na que xa

existe a escola mixta e que conta con casa habitación para o mestre, e o segundo unha casa no lugar de Loureiros coñecida como «*Casanova*» e outra no lugar do Fontelo, nas que se compromete a realizar as obras necesarias para dotar aos mestres de casa habitación. Finalmente será a casa de Eugenio Corral a elixida polo concello para acoller a escola unitaria de nenas, de recente creación.

Casa de Eugenio Corral, no Fontelo, na que estaba a escola de nenas

A escola unitaria de nenos de Santa María de Ois vai instalarse na casa propiedade de Domingo Pato Rodríguez pola que o concello abonará a cantidade de 125 pesetas anuais con un contrato de cinco anos de duración. Pola unitaria de nenas instalada na casa de Eugenio Corral, pagaranse 200 pesetas anuais con un contrato de dez anos de duración. Ámbalas dúas escolas están situadas no lugar de Fontelo, por ser un dos lugares máis céntricos da parroquia e con mellores comunicacións, pois as edificacións atópanse a carón da estrada de Madrid a Coruña. A diferenza de aluguer entre unha e outra radica en

que a unitaria de nenas situada na casa de Eugenio Corral leva consigo a habitación da mestra, mentres que a de Domingo Pato non.

A escola mixta de San Salvador de Collantres instalarase no lugar de Queirís, nunha casa propiedade de José López Loureda, pola que o concello vai abonar a cantidade de 200 pesetas en concepto de aluguer e cun período de contrato de cinco anos.

O 22 de xaneiro de 1923, o Inspector de Zona realiza unha visita ás escolas de nova creación de Ois e Queirís, aprobando a súa instalación.

En febreiro de 1923 o concello faise cargo de material para a nova escola de nenos de Santa María de Ois, adquirido polos emigrantes desa parroquia en Cuba. Contribuíron cos seus cartos para a compra do material os veciños residentes na illa de Guantánamo, Manuel Alvarez Vales, Manuel Alvarez Fraga, Pedro Alvarez Fraga, Antonio Alvarez Fraga, Bernardo Pérez Prado, José Alvarez Fraga, Manuel Pérez Vales, Angel Alvarez Fuente, Antonio Vázquez Valiño, Juan Novo Alvarez, Manuel Rosende Pérez, Andrés Otero Fernández, Andrés Brañas Vázquez, Luis Vázquez Freire, Marcelino González Pérez, Antonio Campos Barral, José Espada Cabanas, Pedro Prado Estrada e Jesús Pérez Barral.

O día 4 de marzo de 1923 tiña lugar a inauguración da nova escola do Fontelo, situada na casa de Domingo Pato. Así o relataba o periódico «*El Correo de Galicia*» desde a Arxentina[30]:

> *[...] El domingo 4 del actual fuimos invitados a la inauguración del nuevo local de niños de Ois, sito en el Fontelo,*

[30] C.S.B.G. *El Correo de Galicia,* 25 marzo 1923, pp. 7

en cuyo día pudo el público admirar el magnífico material de que está dotada dicha escuela. El local es de inmejorables condiciones y corresponde al salón principal de la casa propiedad de don Domingo Pato, residente en Buenos Aires, que no tuvo inconveniente en alquilarlo, dado el objeto para que se destinaba.

El material es modernísimo y abundante, estando dotada la escuela de mesas bipersonales de banquetas móviles, mapas y cartelario excelente, vitrinas, etc., Baste decir que no creemos mejor instalada ninguna escuela de esa capital.

Manuela Marcote, mestra de nenas en Ois

Todo este material, cuya adquisición ascendió a dos mil pesetas, fue donado por los Hijos de Ois residentes en Guantánamo, Cuba, mediante suscripción abierta a tal objeto y en la que tomaron parte principal, don Antonio Alvarez Vales, don Pedro Alvarez Fraga y don Bernardo Pérez, consiguiendo recaudar dicha suma entre los dieciocho convecinos residentes en dicha ciudad.

Los dos magníficos relojes de esta escuela y de la de niñas fueron donados por don Antonio Vázquez, también residente en Guantánamo.

Tamén os veciños das parroquias de Armea e Collantres contribuirían cos seus donativos para dotar a escola de nova creación de Queirís do material preciso, aliviando deste xeito o sacrificio que se vería obrigado a facer o concello con cargo ao erario municipal, xa de por si bastante escaso.

Á fronte da escola de Queirís vai estar a mestra Milagros Rey Vázquez, que terá asignado un salario de 2.000 pesetas. Para a de nenos de Santa María de Ois será nomeado Julio Vázquez Santiso, tamén con un salario de 2.000 pesetas e na de nenas impartirá clases Manuela Marcote Martínez.

Xa a piques de rematar o ano 1923, no mes de outubro, o Inspector de Primeira Enseñanza da zona ordena a suspensión das clases nas escolas de nova creación de Santa María de Ois e de Queirís, por non estar funcionando nos locais aprobados pola Inspección. A Corporación municipal argumenta que foi imposible instalalas nos locais aprobados por terse negado os seus donos a formalizar os contratos de aluguer, a pesar de telos comprometidos. Polo visto, os donos dos locais alegaban que era escasa a renda consignada nos orzamentos para o aluguer e que tiñan medo de que o concello non abonara puntualmente o mesmo. A Corporación solicítalle ao gobernador civil, como Presidente da «*Junta Provincial de Instrucción Pública*», que ordene que as escolas volvan a funcionar nos locais nos que estaban[31].

De seguido, unha comisión de veciños das parroquias de Santa María de Ois e de Collantres, presidida polo que fora alcalde José Castrillón López, preséntase na Inspección para solicitar unha prórroga de catro meses co fin de construír locais para as escolas suspendidas. O concello vai solicitar oficialmente esa prórroga de catro meses para instalar as escolas nos seus locais primitivos ou noutros que reúnan as condicións pedagóxicas adecuadas.

[31] A.M.C., *Libro de Actas,* Acta 14 outubro 1923, Caixa 120

Nos primeiros días do mes de decembro un incendio vai destruír o local onde estaba a escola de Collantres, ardendo parte do material da mesma.

As escolas que foran clausuradas pola Inspección en Santa María de Ois e en Collantres, volven ser autorizadas a finais de 1924[32].

> *[...] se acordó extender contratos a los dueños de las casas escuelas de Santa María de Ois niños y niñas y al de Collantres mixta, D. Eugenio Corral Golpe por término de diez años en la cantidad de 200 pesetas; D. Domingo Pato Rodríguez por término de cinco años y valor de 125 pesetas y D. José López Loureda que lo es de la de Collantres por igual tiempo que el anterior y cantidad de 200 pesetas*

Nenas da escola de Santa María de Ois coa mestra Petra Couceiro

En xaneiro de 1925 tiña lugar a inauguración da escola de Queirís. Así o relataba o diario El Ideal Gallego[33]:

---

[32] A.M.C., *Libro de Actas,* Acta 14 setembro 1924, Caixa 121

[33] *El Ideal Gallego.* 22 xaneiro 1925

Con motivo de inaugurarse la escuela de enseñanza para los niños de aquel término (Collantres), el celoso párroco don Alvaro Rey Vázquez, con la cooperación de la dignísima y culta profesora señorita Emilia Calvo Mur, alentados por la significación que había de revestir fiesta tan emocionante, determinaron congregar valiosos elementos que la realzasen, y bien pueden estar orgullosos de haberlo conseguido en todos sus deseos.

Al amanecer el día, un repique de campanas anunció el fausto acontecimiento y pocos momentos después, perfectamente organizados, acudieron a la iglesia parroquial todos los niños para recibir en sus infantiles pechos la Sagrada Eucaristía.

Posteriormente, a las 14 horas, nuevo repique de campanas congresó a multitud de vecinos e invitados, entre los cuales se hallaban el prestigioso delegado gubernativo del partido, don Jesús Martínez y la no menos distinguida representación del maestro de Coirós y alcalde y secretario de la localidad.

Acto seguido salió la procesión con cruz alzada, que presidida por el párroco señor Rey, se dirigió a la nueva escuela, abriendo marcha dos filas de niños portadores de banderitas con los colores nacionales y precedidos de la bandera del Catecismo. [...] Seguidamente tuvo lugar la bendición de la escuela y el señor delegado hizo ver a los concurrentes la importancia y necesidad de la educación instructiva».

Remataremos o primeiro cuarto do século XX con un total de seis escolas no concello: 1 mixta en Collantres situada en Queirís, 2 unitarias en Coirós situadas na casa do concello, 1 mixta en Santiago de Ois situada no lugar

do Casal e 2 unitarias en Santa María de Ois situadas no lugar do Fontelo, que atendían a unha poboación escolar de 618 alumnos (nenos e nenas), sendo a máis numerosa a de Santa María de Ois con un total de 228 alumnos, seguido da de Coirós con 193 alumnos, Queirís 123 alumnos e Casal con 74 alumnos.

Coa II República elaborouse un plan quinquenal de construcións escolares grazas ao cal realizaríanse arredor de 16.000 edificacións.

En Coirós non existe ningún edificio escolar propiamente dito e agás as escolas unitarias da parroquia de San Xulián de Coirós que están instaladas na casa consistorial, o resto atópanse en locais particulares alugados polo concello.

En Coirós serán as escolas construídas polos emigrantes as primeiras construcións dedicadas íntegra e exclusivamente para o ensino e, aínda así, serán de propiedade particular das Sociedades residentes en América. Uns locais que, como se verá, van reunir as máis elementais condicións de hixiene, salubridade e adecuación para a docencia.

AS ESCOLAS DOS EMIGRANTES

Segundo aprecia o profesor Vicente Peña Saavedra no seu traballo «*Panorámica de la intervención escolar de los emigrantes gallegos a América (siglos XVII-XXI)*[34]», desde os derradeiros anos do s. XIX comezaron a mobilizarse en terras americanas pequenas agrupacións de emigrantes galegos con fins instrutivos e cobertura comarcal, municipal ou mesmo parroquial, que aspiraban a difundir o progreso nas súas localidades de orixe. O fin principal vai ser promover o ensino por medio da implantación, sostemento ou subvención de centros gratuítos de instrución primaria, co fin de xeneralizar a escolarización alí onde a iniciativa pública non satisfacía adecuadamente as demandas educativas dos veciños, en particular dos que dispoñían de menos oportunidades de asistir asiduamente á escola.

As chamadas «*Escolas de Americanos*», que inzaron Galicia nas derradeiras décadas do s. XIX e nas primeiras do s. XX, viñeron a cubrir as graves deficiencias na ins-

[34] PEÑA SAAVEDRA, Vicente, 2012, *Panorámica de la intervención escolar de los emigrantes gallegos a América (siglos XVII-XXI),* El asociacionismo y la promoción escolar de los emigrantes del norte peninsular a América / coord. por Moisés Llordén Miñambres, José Manuel Prieto Fernández del Viso, pp. 35-69

trución pública que padecía o país e as carencias educativas que se reflectían nos altos índices de analfabetismo da época.

Entre as múltiples asociacións de emigrantes galegos, existían a comezos do s. XX dúas sociedades que agrupaban aos emigrantes do concello de Coirós residentes en Bos Aires. Eran estas sociedades «*Hijos del Ayuntamiento de Coirós*» e «*Hijos de Ois de Ayuda Mutua*». Ámbalas dúas co paso do tempo levarían a bo fin un dos obxectivos máis loables: a construción de escolas. Aínda que de xeito distinto e seguindo camiños diferentes, estas dúas sociedades de emigrantes amosaron coa súa terra unha gran xenerosidade que se plasmou de xeito moi concreto no eido educativo.

Coirós sería, pois, un de tantos concellos de Galicia que se veu favorecido polo afán dos emigrantes de mudar as condicións de vida dos seus lugares natais a través do ensino e da cultura. E sería, tamén, un dos poucos, senón o único concello de Galicia do seu tamaño que deu acollida a dúas escolas construídas pola emigración.

A escola dos Chas[35]

A Sociedade «*Hijos del Ayuntamiento de Coirós*» viña traballando desde principios do século XX na idea de implantar unha escola en Coirós que, segundo declaraban os seus integrantes, «*[...]respondiera a la necesidad de una mayor cultura y preparación de nuestros niños, futuros emigrantes, en su mayoría*».

[35] FIAÑO SÁNCHEZ, Manuel; GAYOSO BARREIRO, Miguel, 2006, «*Sociedade "Hijos del Ayuntamiento de Coirós 1906-2006*». Edición conmemorativa do centenario da sociedade Hijos del Ayuntamiento de Coirós

Deste xeito, a finais de 1915 nomean unha Comisión formada polos asociados Antonio Mosquera, José Vara, José Roel e Pedro Bugallo, encargada da adquisición dos terreos precisos para a construción do edificio escola. Os requisitos esixidos en canto á situación dese edificio son os de estar á beira da estrada e ter unha extensión mínima de unha fanega de terra.

O periódico «*El Orzán*» do sábado 20 de xullo de 1918 daba conta de que:

> *[...] Hace unos días el prestigioso propietario don Manuel Sánchez Río, en representación de la sociedad "Hijos de Coirós" en la República Argentina, adquirió por escritura pública una casa y varias fincas rústicas para destinarlas a la construcción de un edificio para escuela, a cuyo fin recibió para los primeros gastos la cantidad de 8.500 pesetas.*
> *La escuela será de fundación particular para que en ella reciban instrucción todos los vecinos del término municipal y el edificio será amplio y no como los que tiene el Gobierno por estas aldeas en un estado tal de ruina que son más propios para cuadras de ganado que para que en ellas puedan alojarse personas.*

En agosto de 1918 lévase a cabo a compra do terreo e edificacións propiedade de Antonia Barrós Seoane e do seu fillo Marcelino García Barrós, no lugar de Os Chas, da parroquia de San Xulián de Coirós. Así o relataba o periódico «*El Correo de Galicia*», publicado en Bos Aires[36]:

> *[...] Hoy tenemos el gusto de acompañar a estas líneas la fotografía de la casa adquirida por una de estas entidades*

[36] C.S.B.G., *El Correo de Galicia*, 19 decembro 1920, páx. 2

para dar forma práctica a su bienhechora finalidad. Se trata de la propiedad comprada por la sociedad Hijos del Ayuntamiento de Coirós, en el lugar dos Chas, ayuntamiento de Coirós (Betanzos) en la que en breve será instalada una escuela sostenida por la sociedad citada.

Esta casa tiene una superficie de 654 metros cuadrados y existen además dos casitas agregadas a uno de los costados con una superficie de 144 metros cuadrados en conjunto. Estas serán reformadas en forma que sirvan de habitaciones particulares al director.

Está rodeada la edificación de un amplio terreno con una superficie de 6.400 metros cuadrados, teniendo por consiguiente, cabida para instalar con holgura jardines y canchas de juegos atléticos para la mejor educación física y moral de los alumnos.

Hijos del Ayuntamiento de Coirós

El Correo de Galicia
19.12.1920

Nun principio preténdese o arranxo e reforma da edificación que se acaba de mercar co fin de instalar canto antes a escola, sen embargo atoparíanse con dificultades técnicas que farían imposible o proxecto, xa que os muros da mesma resultarían inconsistentes obrigándoos a tiralos e construír todo de novo. Este feito suporía un atraso considerable nos tempos e, sobre todo, no custo da obra, que acadaría a cifra final de 62.983,83 pesetas.

Unha vez rematados os traballos de construción do edificio a implantación da escola foi retrasándose a pesar das intencións das distintas xuntas directivas da Socie-

dade. Os anos pasaban e o local íase deteriorando, de tal xeito que os primeiros alumnos que máis tarde o encheron, describíano así:

> *[...] hasta parecía que el mismo edificio se entristecía; las paredes se cubrían de musgo; la planta baja se había convertido en depósito de trastos poco decorosos para un local de esta índole; el jardín en vez de sonreír con el sin fin de matices de las flores, estaba invadido por las zarzas . . . todo era desolación; la gente al pasar por delante de la reja de la Escuela que también se cubría de orín, decían unos resentidos, otros pesarosos, otros socarrones, otros pesimistas: ¡Cuánto dinero perdido! y ¿para qué? . . . para que todo se vuelva ruínas.*

O presuposto de mantemento do futuro centro educativo estimábase nunhas setecentas pesetas mensuais, polo que a Sociedade consideraba que, de momento, non estaba en condicións económicas de poñela en funcionamento, polo que se suscitaba a posibilidade de ceder o edificio ao Estado por un tempo determinado para que este se encargase da implantación da escola.

Selo da Delegación de Coirós

Pasa o tempo e en 1934 aínda segue sen abrir a escola aducindo problemas económicos, polo que volve a contemplarse a posibilidade de ceder o edificio ao Ministerio de Instrución Pública español a fin de chegar a un acordo para a apertura da escola.

Delegación en Coirós da Sociedade "Hijos del Ayuntamiento de Coirós"

Sen embargo a Comisión Directiva en Bos Aires nomea nese mesmo ano de 1934 a José Méndez Vales como apoderado en Coirós, co fin de abrir canto antes a escola, outorgándolle plenos poderes para nomear mestre, adquirir material, etc. De inmediato constitúese a Delegación de Coirós, cuxa Xunta de Goberno estará formada por José Méndez Vales como Presidente; Agustín Tomé Fernández como Vicepresidente; Pedro López Lendoiro como Secretario; Manuel Vía Parga como Vicesecretario; Antonio García Manso como Tesoureiro; Leonardo Sánchez Vázquez como Contador; e como Vocais Eduardo Crespo Maceiras, Domingo Antonio Méndez Vales, Ramón Estrada Vázquez, José Tomé Barrós, José Vara Pérez, José Sánchez Martínez, Andrés González Rivera e Vicente Varela López.

Durante os primeiros meses de 1935 a Xunta de Goberno tería que traballar arreo co fin de ter todo a punto

para poder comezar o curso escolar no novo edificio. Entre outras cousas, instalaríase a luz no local da escola e na vivenda destinada ao mestre e pintaríase o interior do edificio. Coa achega desinteresada dos veciños que acudiron con ferramentas e carros de vacas, procedeuse ao arranxo e acondicionamento dun campo contiguo á escola para convertelo nun campo de ximnasia. Por último a Xunta de Goberno da Delegación de Coirós sacaría a concurso a praza de mestre, cun salario de 3.000 pesetas e dereito a casa, horta e luz.

A elección do mestre estivo asesorada tecnicamente por D. Francisco Vales Villamarín. Presentáronse un total de sete aspirantes á praza resultando elixido D. Andrés Dupire Wandenbrouck, que tomaría posesión do posto o día 8 de marzo de 1935.

A inauguración da escola

O 14 de abril de 1935, coincidindo co aniversario da proclamación da II República, foi a data escollida para a inauguración da escola dos Chas. A elección dese día concreto non sería casual senón que, tal como recoñecía a Directiva:

> *[...] ¡ 14 de abril ! Esa fecha que todos los españoles llevamos gravada en lo más hondo de nuestro ser por constituír el guión glorioso que nos señala todas las rutas de la libertad y de la democracia, fue la escogida para abrir este templo sagrado donde todas las religiones del saber han de tener culto fervoroso e inteligente acatamiento.*

O día elixido abriuse ás nove da mañá cunha salva de bombas, o izado na fachada do edificio das bandeiras española, galega e arxentina e as notas musicais da banda de música de Coirós baixo a dirección de Francisco Manso Barrós. Seguidamente unha comitiva na que ían a banda de música, a comisión directiva e un grupo de veciños, fixo o percorrido desde Queirís ata a Lapela, precedidos pola bandeira nacional que portaba o neno Juan Crespo Ferreño. Os invitados e demais veciños puideron visitar a continuación a exposición de material pedagóxico exposto na aula escolar. De seguido a banda de música interpretou un concerto nos xardíns da escola. Rematado o concerto tódolos membros da Comisión Directiva, mestres, músicos e outros invitados reuníronse na casa de Jesús Fraga, nos Chas, para compartir un xantar.

Banda de Música de Coirós na inauguración da escola

Os actos formais da inauguración tiveron lugar pola tarde, dando comezo ás tres coa recepción por parte dos representantes da Comisión Directiva aos invitados, entre os que se atopaban o director e catedráticos do Instituto de Segundo Ensino de Betanzos e os representantes da Sociedade «*Sada y sus Contornos*». Ás cinco e media, co disparo de bombas de palenque, deu comezo o acto inaugural que iría seguido de diversos discursos e agradecementos. Para rematar, a banda de música interpretou os himnos oficiais nacional e galego en honor aos emigrantes en Bos Aires, verdadeiros artífices da obra que se acababa de inaugurar. Os invitados foron obsequiados cun «*viño de honor*» e os nenos asistentes con galletas e viño moscatel. A festa prolongouse ata ben entrada a noite cun animado baile amenizado pola banda de música de Coirós.

Selo da escola

Estrutura e funcionamento da escola

A Sociedade «*Hijos del Ayuntamiento de Coirós*» de Bos Aires, dera plenos poderes á Xunta de Goberno constituída en Coirós para gobernar o centro educativo. Dentro desa Xunta procedeuse a nomear tres Comisións:

a) Agricultura, integrada por Ramón Estrada Vázquez, José Tomé Barrós, Manuel Vía Parga e Vicente Varela López.

b) Obras, composta por José Vara Pérez, Agustín Tomé Fernández e Antonio García Manso.

c) Revisora de contas, formada por Vicente Varela López, Manuel Vía Parga e Leonardo Sánchez Vázquez.

A dirección do centro escolar vai recaer en José Vázquez Sánchez, mestre nacional, nomeado a proposta do presidente da Xunta de Goberno.

As normas que rexerán no curso escolar e que foron aprobadas pola Xunta de Goberno eran, entre outras, as seguintes:

[...] Se acuerda empiecen las clases el 5 de mayo y que el número de alumnos no sea superior a 40, dando preferencia a los mayores de 14 años por exceder de la edad escolar y que sean estos de ambos sexos.
Que el ingreso será por riguroso orden de matrícula, para lo cual se llevará un libro legalizado a los efectos.
Que la clase diaria de cinco horas se divida en dos sesiones: la primera, a la que asistirán los 20 alumnos más adelantados, de 10 a 12 y media; y la segunda que será para los otros 20, de 13 a 15 y media.
Se acuerda que cuando varios alumnos soliciten permiso para atender a trabajos urgentes del campo, siembras, recolecciones, etc., se les conceda, no excediendo de 15 días, pero que es condición indispensable lo soliciten sus padres o tutores.
Se acuerda celebrar clase nocturna para aquellos cuyas ocupaciones les prohiban asistir a la de día, de la forma siguiente: que será única sesión de dos horas, y el número de alumnos no superior a 40, dando preferencia a los de más edad y por riguroso orden de matrícula, estableciendo las mismas normas de la clase de día, excepto para los alumnos casados, pues así como para los otros existe el tope de cinco faltas de asistencia al mes para perder el derecho a la clase, para estos no hay tope, teniendo en cuenta sus ocupaciones como cabeza de familia.
Que la clase será de 7 a 9 de la noche.

Que los alumnos de una sesión no tendrán derecho a otra, es decir, que un alumno no puede asistir a las dos clases mientras este cubierta la matricula reglamentaria.
Se acuerda crear entre los 40 alumnos una sociedad escolar, dividida en comisiones de agricultura, banca, higiene, obras y recreo y prensa, y dotar a cada una de estas de fondos para que, sobre la práctica, estudien la contabilidad, operaciones bancarias, etc.

Edifico escola dos Chas

Nos propios Estatutos da escola, que foron redactados en Bos Aires, ademais de establecer o ensino gratuíto para os veciños de Coirós, préstase unha atención especial ao exercicio físico e á creación de clases especiais de labores e hixiene no fogar, así como ao ensino práctico da agricultura. Proba diso é un proxecto de cultivo de tabaco que ían por en marcha na finca contigua ao edificio escolar e para a cal se tiñan solicitadas 2.000 plantas.

Nos citados Estatutos non se fai mención algunha ao ensino da relixión, feito que nos indica o carácter laico da institución. Así mesmo establecíase que os alumnos destacados que desexasen emigrar á Arxentina, enviaríaselles o importe da pasaxe a título de préstamo e sen xuros.

Veciños traballando no acondicionamento do campo detrás da escola

Segundo o inventario de material realizado a 30 de novembro de 1935, a escola dos Chas contaba, entre outros, con unha máquina de escribir, un mapa de España en relevo, un aparato multicopista, todo o material preciso para debuxo e toda unha colección de cadernos, lecturas, enciclopedias, dicionarios, mapas, material de traballos manuais, etc., que acadaba un valor de 2.559,10 pesetas, o que confirma que era unha das mellores dotadas da comarca.

O peche da escola e a venda do edificio

En xullo de 1936, co estoupido da guerra civil, o estado español pecharía a escola dos Chas, como tantas outras de orientación semellante.

En 1938, en pleno apoxeo da contenda, chegan novas á Directiva da Sociedade de Bos Aires, dando conta de que o edificio escola dos Chas pode estar sendo utilizado como hospital de guerra. Sen embargo esta nova non puido ser confirmada.

Alumnos da escola co mestre Sr. Dupire

Despois do peche o edificio cae no abandono e anos máis tarde sería utilizado polo concello de Coirós como vivenda particular do secretario do mesmo.

En 1980 a Xunta Directiva decide poñer á venda tódalas propiedades que a Sociedade ten en Coirós, incluído o edificio escola situado no lugar dos Chas. Agora en

mans particulares, a edificación está destinada ao negocio da hostalaría.

A escola do Fontelo

En 1920 créase na parroquia de Santa María de Ois unha comisión veciñal co obxectivo de solicitar a creación dunha escola unitaria de nenos e outra de nenas, suprimindo a mixta que existe. Pero os veciños van máis aló nas súa pretensións e aspiran a situar esas escolas nun novo edificio que reúna as mellores condicións para impartir clase e situado no lugar máis axeitado da parroquia. Esa comisión considera que o lugar idóneo para levantar a nova escola é o Fontelo.

As aspiracións dos veciños de Santa María de Ois vanse ver truncadas pola falta de recursos económicos cos que afrontar a construción dun edificio escolar, polo que deciden facer un chamamento aos emigrantes da parroquia residentes en Bos Aires, agrupados na sociedade «*Hijos de Ois de ayuda mutua*» para que contribúan economicamente a facer realidade a súa proposta. E por elo que a «*Xunta Executiva*» en representación dos veciños, dirixe unha circular[37] aos emigrantes na Arxentina apelando á súa «*nunca desmentida filantropía*».

> *[...] ¿Pero hemos de instalar esas escuelas, como hasta ahora, en locales antihigiénicos?. No, porque con ello sólo hubieramos conseguido la separación de sexos, y ese resultado, con ser ya grande, por sí sólo digno de loa por el principio de moralidad que encierra, es demasiado mez-*

[37] *Los Hijos de Ois (Santa María) Coruña a sus hijos ausentes.* El Correo de Galicia. 19 diciembre 1920. pág. 3

quino porque no responde a nuestras esperanzas y esfuerzo realizado. Nosotros y los vecinos de toda la parroquia, cuya voluntad públicamente manifestada en distintas reuniones representamos, queremos instalar las escuelas en un edificio de moderna construcción, sencillo, de poco coste, hermoso, higiénico, que sus dos salones de clase reúnan las más irreprochables condiciones de salubridad por sus dimensiones, capacidad, ventilación y luz, sin olvidar, si a ello podemos llegar, patio y jardín, que estarán decididos convenientemente para la separación de sexos en las horas de recreo. Dotémosle luego de mobiliario moderno y tendremos realizado nuestro ideal de escuelas a donde los niños concurrirán alegres, estimulados por la hermosura del edificio y la comodidad de sus salones, de aire y de sol.

Más nuestro proyecto de levantar ese edificio en el sitio más hermoso del Fontelo, tropieza con el gran obstáculo de la falta de recursos; ¿serán pues utópicas esperanzas?. En nuestra España los poderosos no vienen a confundirse con nosotros en la obra común; se dan casos de desprendimiento; los Gobiernos y los Municipios tampoco son pródigos en las subvenciones, aquellos porque no aciertan, estos porque carecen de medios. ¿Qué nos queda entonces?: requerir a nuestros hermanos de América, a todos los que han nacido en este querido rincón de Galicia, para que manifiesten su nunca desmentida filantroía contribuyendo.

A todos, desde el más poderoso al humilde obrero, a todos se os pide que con vuestro peculio y propaganda cooperéis con nosotros al éxito de esta noble empresa; la obra la proseguiremos con vuestros valiosos recursos y será grande con la cooperación de todos.

A comezos de 1921 José Santos Brañas, emigrante de Ois na Arxentina e socio fundador da sociedade «*Hijos de Ois*», suscribe un artigo no diario de Bos Aires «*El Correo de Galicia*», no que expresa:

> *[...] Desde hace breves días viene circulando entre los aquí residentes y que pertenecemos a aquel bello rincón de Galicia una circular inspirada en fines altamente patrióticos, cuales son los de llevar a cabo la implantación de dos escuelas unitarias provistas de todo el material que exigen los más modernos adelantos. [...] Las escuelas referidas han de ser de incalculable valor para nuestra infancia de hoy y dignos sucesores del mañana, y la directiva allí en funciones [...] ha tenido la gentil deferencia de enviarnos por separado a cada coterráneo residente en esta, un petitorio tan digno de elogio que no debemos denegar [...] Consiste el petitorio que cito en solicitar cooperación peculiar para ultimar tan magna obra, esto es, dotarle de un edificio propio y construído pura y exclusivamente para el fin que se persigue, y que al hacerlo individualmente a cada uno de nosotros con la atenta nota, lo hicieron a la vez a la asociación Hijos de Ois, domiciliada en esta capital.*

En setembro de 1923 vai ver a luz o primeiro número da revista oficial da Sociedade «*Hijos de Ois*» coa cabeceira de «*As 4 aldeas*». Nesa publicación o socio fundador D. Juan Pato, nun artigo expresa o seu desexo de que a escola sexa unha realidade. Facíao nos seguintes termos:

> *[...] Sin detenerme a considerar los beneficios que nuestra querida Sociedad presta y puede prestar a sus asociados, me atrevo a comunicar mi pensamiento que desde hace tiempo llevo en el alma [...] me refiero a la escuela que tan-*

ta falta hace allí. Antes debo recordar la gran obra y sacrificio por nuestro conterráneos residentes en Cuba, los cuales demostraron el interés y cariño que sienten por nuestros hermsnos escolares de Ois, mandando dinero para lo más necesario, quiero decir, para los útiles del colegio, que es lo que allí más se necesita, por mi parte vayan mis mayores y sinceras felicitaciones para esos nuestros vecinos que tan sinceramente han sabido cumplir con el deber que tenemos todos de ayudar y prestar nuestro apoyo a la niñez o sea a la clase escolar. [...] Yo ofrezco a consideración de sus queridos consocios y a todos mis conterráneos la implantación de esta nueva mejora en las obras a realizarse por la Sociedad de Ois, con la seguridad de que llevarse a efecto sería el mayor beneficio que a nuestra parroquia podríamos prestar; por Ois, por la escuela, por la niñez escolar vaya nuestro sacrificio y nuestro cariño.

De igual xeito outro socio, D. Jesús Pato facía na mesma publicación un chamamento similar:

[...] Así que la ansiada meta de todos los Hijos de Ois debería de ser la escuela. [...] Por eso yo un casi analfabeto como muchos, hago mis más fervientes votos para que todos los conterráneos de Ois nos unamos en un fraternal abrazo, cobijados bajo el manto de nuestra Sociedad, para que con el esfuerzo de todos podamos algún día dotar a nuestro pueblo de un establecimiento de enseñanza primaria.

En outubro de 1925 publícase o número 3 da revista social mencionada, e nela vólvese a insistir na idea da construción do edificio escolar na parroquia de Santa María de Ois. A Comisión Directiva fai un chamamento,

tanto aos socios como a aqueles emigrantes da parroquia que non están integrados na Sociedade, co fin de levar a cabo a obra, nun artigo que titula «*Nuestro ideal*»:

> *[...] En Galicia existe más de un centenar de escuelas debidas a la generosidad o al espíritu de asociación que anima generalmente, y para mayor gloria de la estirpe, a nuestro conterráneos expatriados.*
> *Pero en la parroquia de Ois, con no ser la que menor cantidad de hijos ha dado a la emigración, no ha cristalizado aún ese nobilísimo intento.*
> *No creemos sea necesario decir más para convencer y sacar de la apatía a aquellos de nuestros conterráneos que, sin estar con nosotros, comprenden como nosotros que la parroquia de Ois carece de una escuela en que, al mismo tiempo que se instruya a los que lo hayan menester, se evidencia el amor patrio de los paisanos residentes en este país.*

De novo o socio Juan Pato volve a insistir na idea de creación do edificio escolar:

> *[...] Este ideal, que en repetidas ocasiones demostré acariciar, es, a mi entender, el que debíamos seguir todos cuantos formamos la Sociedad Hijos de Ois, al objeto de poder, en día no lejano, levantar en nuestro querido pueblouno de esos templos del saber que tanto se necesita. [...] Mi objeto es tan sólo hacer ver, a los que así no lo comprenden, la necesidad imperiosa de crear en Ois una escuela y el deber en que nos hallamos contribuyendo a tan laudable fin. [...] Allí es necesaria una escuela [...] con mucha luz, con mucho aire [...]. Si una escuela es el brazo, el corazón y el cerebro de un pueblo, a Ois no debe tenérsele por más tiempo*

así. [...] ¡Creemos una escuela! Ois y nuestro hermanos nos lo agradecerán.

E mentres tanto, os emigrantes de Ois en Cuba seguen a contribuír con doazóns feitas por algúns dos membros desa colectividade co fin de motivar aos escolares con premios de finais de curso. Así nolo conta unha nota publicada no diario «*El Correo de Galicia*» en setembro de 1927[38]:

[...] En la parroquia de Ois, ayuntamiento de Coirós, se celebró un animadísimo festival con motivo del reparto de los premios donados por el filántropo residente en La Habana, don Antonio Vázquez, para los alumnos de ambos sexos de la escuela creada y sostenida por los residentes de aquel hermoso pueblecito en la Isla de Cuba, al que concurrieron las autoridades locales, los párrocos de Ois y de los pueblos vecinos y mucho público.
Los concurrentes al acto concedieron una gran ovación a maestro y discípulos que duró largo rato, felicitándoles efusivamente luego.

Os distintos chamamentos teñen repercusión e así comeza a construción dun edificio no lugar do Fontelo, nunha finca de ferrado e medio que a Sociedade merca a Eugenio Corral Golpe, situada a carón da estrada N-VI, no lugar coñecido como «*Ferradal do Medio*». O edificio de dúas alturas vai contar con dúas amplas aulas: unha de nenos e outra de nenas e cun pequeno campo de xogos. A obra sería posible grazas ás achegas económicas dos emigrantes e tamén grazas ao traballo persoal dos veciños da

[38] Biblioteca de Galicia, *El Correo de Galicia,* 4 setembro 1927, páx. 6

propia parroquia de Santa María de Ois que colaboraron activamente no carrexo de pedra e outras labores, aínda que a construción sería contratada a recoñecidos canteiros da zona, entre os que destacou José Sánchez, coñecido como «*Pepe do Castro*».

A escola do Fontelo foi inaugurada en decembro de 1933, ano e medio antes que a construída nos Chas polos emigrantes de Coirós. O mestre titular Obdulio Vaquero Galindo sería o encargado de ler o discurso inaugural, destacando que:

> *[...] libres ya de aquella mazmorra sin aire, sin luz, sin sol, donde el espíritu se amilanaba ante el trabajo y la salud de vuestros hijos y de vuestro maestro peligraba en extremo y donde el esfuerzo había que centuplicarlo para obtener un minimun de resultados; libres ya de aquella mazmorra, digo, inauguramos hoy un lugar amplio, con aire, con luz, con sol, que es lo menos que puede pedirse, en que forzosamente ha de sentirse la alegría del trabajo con incalculables beneficios de todo orden para vuestros hijos. [...] Gracias noble gente. muchas gracias Americanos. El maestro de vuestra aldea os abrazaría con orgullo si cerca de él estuvieseis y, puesto que amor con amor se paga, empeño ante vosotros mi palabra de honor de que en tanto que yo oficie en el templo que habéis levantado a la Cultura no se regateará ni esfuerzo ni entusiasmo porque vuestra generosidad fructifique.*

En outubro de 1933, dous meses antes da inauguración oficial da escola, a Corporación municipal de Coirós vai facultar ao daquela alcalde José Tomé, para que con-

Inauguración da escola do Fontelo. Decembro 1933

trate os novos locais escola de Ois cos representantes lexítimos.[39]

Posteriormente, en novembro de 1934 procederase á instalación de luz eléctrica no local, a cargo de «*Industrias Núñez SL*» con un custe de 186 pesetas. Non será ata o ano 1965 en que se dote ao edificio de auga corrente.

A Sociedade vai nomear un representante en Santa María de Ois que se encargue de tódolos asuntos relacionados coa administración do edificio escolar. A responsabilidade vai recaer en Manuel Pato García ata o ano 1960 en que é substituído por Andrés Pato Fachal.

Ao contrario que a construída no lugar dos Chas, a escola do Fontelo mantivo as súas aulas abertas de xeito continuo ata a década dos anos 70 do século XX, en que os escolares da comarca foron concentrados no colexio Vales Villamarín de Betanzos.

[39] A.M.C., *Libro de Actas,* Acta 8 outubro 1933, Caixa 121

Edificio escola do Fontelo nos anos 70 do século XX

Durante moitos anos o concello de Coirós abonaría un aluguer polo local onde se impartía escola. Así nos anos 1934 a 1939, ese aluguer ascendía á cantidade de 197,35 pesetas anuais. No ano 1961 o aluguer era de 1.000 pesetas ao ano. En setembro de 1963 o administrador Andrés Pato solicita do concello un incremento na renda argumentando que

> *[...] Satisface el Ayuntamiento de su digna presidencia una renta que puede calificarse exigua, insuficiente para atender a los gastos que origina la conservación del mismo, ya que la Sociedad no ha pretendido el lucro y si sólo beneficiar la enseñanza, dotando a la parroquia de un buen servicio.[...] suplicando que, atendiendo a cuanto queda expuesto, en el presupuesto del próximo año consigne para esta atención una cantidad que, al menos, no sea inferior a*

la con que se halle dispuesto habrán de percibir por indemnización de vivienda los Maestros de la localidad.

A solicitude sería atendida polo concello e a Corporación acorda incrementar en 500 pesetas o aluguer para o ano 1964.

En marzo de 1964 a Comisión Directiva da Sociedade en Bos Aires dirixe unha comunicación ao administrador do edificio escola, facéndose eco da falta de cooperación e o pouco interese que amosan os veciños da parroquia no sostemento e conservación da escola. Aqueles emigrantes que con esforzo dotaran á parroquia dun local decente de ensino, quéixanse agora do pouco que se valora a súa obra, e barallan a posibilidade de desfacerse do edificio:

Obdulio Vaquero, mestre na escola dos emigrantes de Ois

[...] Ante todo valoramos y apreciamos en todo cuánto representa, la dedicación que en beneficio de nuestra Institución como representante de la misma despliegas, agradeciendo tan amplia como desinteresada cooperación; sin dejar de extrañarnos sobremanera de que seas la excepción entre el cúmulo de nuestros convecinos de esa, toda vez que, estando y habiendo funcionado exclusivamente para los mismos, creémos que no podría tildarse de exigencia, el que al producirse la necesidad de efectuar algún arreglo en el edificio no se presten cada uno de los alumnos, padres o simpatizantes, a acudir en la medida de las fuerzas de que dispongan, ya fuera con efectivo, materiales o trabajos; creémos sería lo mínimo que podría pedírseles a fin de que

el funcionamiento no resulte continuamente una carga, pues creemos podría sostenerse por sí y ante sí.
Ahora bien, ya que existe de parte de nuestros vecinos tal despreocupación y que el funcionamiento del colegio y el servicio que presta, por lo que vemos, no se le da valor alguno, esta C.D. sugeriría lo siguiente:
Sería el que valiéndote de tus buenos recursos, para ver si sería o no factible la negociación o venta del edificio al gobierno o, en su defecto, a cualquier empresa particular que pudiera interesarle.

O administrador Andrés Pato Fachal vai ser quen de reconducir a situación e consegue que a Sociedade dea marcha atrás nas súas pretensións de venda do edificio escola do Fontelo:

[...] Conforme en la apatía de nuestros vecinos, propia de la idiosincrasia de los de nuestra tierra, pero creo que no dejan de reconocer el beneficio que habéis proporcionado durante ya un cuarto de siglo que llevan en funcionamiento estos locales, al edificar esa Sociedad este edificio donde adecuadamente se da la enseñanza, pues aunque hoy la tienen todas las demás parroquias, habéis sido vosotros los precursores y se puede mostrar con orgullo este que no desmerece de los demás, anticipándoos en tantos años.

A comezos de 1965 vaise instalar a auga corrente no edificio escola. As obras serían sufragadas polo concello e a auga procedía dunha traída común para outras casas das aldeas do Fontelo e de Loureiros, extraída, precisamente dun manancial propiedade de Andrés Pato Fachal, situado no Monte do Gato. En 1967 o concello aumenta o

importe do aluguer dos locais escola ata as 2.000 pesetas anuais.

Mediado o curso académico 1972-1973, todos os escolares do concello de Coirós vanse trasladar ao novo colexio comarcal de Betanzos, o popularmente coñecido como "*o centro*". Quedarán pois abandonadas as vellas escolas, entre elas, a construída no Fontelo polos emigrantes de Ois residentes en Bos Aires.

Unha Fundación benéfico docente

Mediado o ano 1962, vaise crear na parroquia de Santa María de Ois unha Fundación benéfico docente, instituída polo veciño do Fontelo, José Pérez Carballal e que levará precisamente o seu nome. Nace así no mes de agosto e por disposición testamentaria a Fundación «*José Pérez Carballal*», que vai ter como fin principal a dotación de becas aos escolares da parroquia natal do fundador. A dotación económica da Fundación virá dada polo importe da venda dunha finca propiedade de José Pérez Carballal. O produto da venta foi investido polo seu albacea testamentario, José Brañas Mahía, en valores, concretamente en títulos de Deuda Perpetua e en Cédulas do Banco de Crédito Local. Segundo se establecía na escritura fundacional, os rendementos desa inversión irían destinados anualmente a becas escolares, que se adxudicarían aos escolares que cursaran estudios de medicina, dereito, perito industrial ou agrícola, maxisterio, comercio ou bacharelato en calquera das súas modalidades de ensino medio e laboral, por esta orde e preferencia. As becas deberían adxudicarse entre os escolares que levaran máis de dez anos na parroquia de Santa María de Ois,

José Pérez Carballal

con preferencia ós do lugar do Fontelo, onde residiu o fundador, tendo en conta os de mellor cualificación e os máis economicamente débiles, sendo condición indispensable para seguir a gozar da beca unha vez concedida esta, a aprobación do curso completo. Establecíase tamén que, se en algún ano non houbera quen optase á beca, os intereses incrementarían a do ano seguinte, si ben tódolos anos había que destinar cincocentas pesetas para repartilas a partes iguais entre os alumnos máis sobresaíntes das dúas escolas unitarias de Santa María de Ois.

O Padroado da Fundación quedou confiado a unha Xunta integrada polo director do Instituto Laboral de Betanzos e os dous mestres das escolas unitarias de Santa María de Ois. A primeira Xunta vai quedar formada por D. Antonio Barge Rodríguez, director do Instituto de Betanzos, D. Miguel Roig Lestón e Dña. María Teresa Vidal Lombán, ámbolos dous mestres das unitarias de Ois.

Desde a súa institución, a Fundación «*José Pérez Carballal*» repartiría un total de 25.810 pesetas, entre becas e premios escolares. A última convocatoria de becas da Fundación corresponde co curso escolar 1975-1976, na que se adxudicou unha sola beca por importe de seis mil pesetas.

NOVAS ESCOLAS NA SEGUNDA METADE DO S. XX

Despois da guerra civil existe un «*tempo morto*» no que durante doce anos (1939-1951) non existe actividade por parte do Estado no relativo a construcións escolares, aínda que as enquisas oficiais da época reflicten a cifra de 17.218 creacións, cifra que parece a todas luces esaxerada[40]. A Lei de Educación Primaria de 1945 indicaba no seu artigo 17º que: «*El Estado estimulará la creación de escuelas [..]* », limitándose, polo tanto, a ser un mero axente estimulador da construción de edificios escolares, deixando aos concellos a iniciativa neste campo, a cal foi ben escasa.

En xuño de 1949 o Inspector Xefe de Primeira Ensinanza da provincia da Coruña eleva un informe ao gobernador civil sobre o estado das escolas das catorce zonas escolares da provincia. Das catro que existen no concello de Coirós, a inspección considera que a de nenos e nenas de Santa María de Ois, instalada nun edificio particular, está en boas condicións; a instalada no edificio do concello, na parroquia de Coirós, atópase en medianas

[40] LÁZARO FLORES, Emilio, 1975, «Historia de las construcciones escolares en España», *Revista de Educación* nº 240, pp. 114-126

condicións; e as de Collantres e Santiago de Oís, tamén instaladas en edificacións de particulares, atópanse en malas condicións.

A xuízo da Inspección o problema capital da «*Escuela Nacional*» radica nas condicións dos edificios e locais nos que está instalada, xa que a maioría están en locais particulares, alugados polos concellos por cantidades moi pequenas que, aínda así e debido á escasa capacidade económica dos consistorios, non se abonan ao seu debido tempo aos propietarios[41].

«Así planteada la cuestión, los dueños de los locales escuelas y viviendas del Maestro, desean unicamente rescindir los contratos con los Ayuntamientos y quedar libres de lo que constituye un gravamen sobre sus fincas en lugar de un beneficio. Y mientras son los arrendadores, no se les puede obligar a realizar obra alguna de reparación ni siquiera de sostenimiento y conservación, obras que los Ayuntamientos alejados bastantes Kms. de los escenarios de esta real tragedia, e imposibilitados materialmente, son más incapaces todavía de emprender. Y así sucede, que el transcurso natural e incontenible del tiempo, con su secuela de humedad, lluvia y cambios constantes, agudiza y entenebrece más el triste panorama.

Si algo se quiere hacer por la escuela para que no sucumba, son sus cobijos materiales los que hay que conservar y transformar y es problema, además de acuciante, de los que hay que atacar y resolver de una manera general y definitiva, porque el panorama reseñado, se refiere a más de un

[41] A.R.G. *Expedientes sobre Enseñanza Primaria.* Fondos do Goberno Civil da provincia da Coruña. Sign. G 4337

ochenta por ciento de los locales escuelas y de las viviendas para el Maestro y en una provincia constituída principalmente por aldeas en las que no existe edificio alguno que pueda servir de casa habitación decorosa para el Maestro.

Coa lei de 22 de decembro de 1953 de construcións escolares o goberno pretendía dotar ao país de suficientes edificios escolares e para iso era preciso unha ampla colaboración de tódalas forzas sociais. Recoñecíase no preámbulo da citada lei que moitos concellos aínda non contaban con edificios escolares adecuados o que supoñía un problema esencial e de urxente solución. Para levar a cabo a construción dos edificios escolares era preciso que os concellos principalmente, achegaran os solares. Así no seu artigo primeiro establecíase que[42]:

[...] Las escuelas públicas nacionales habrán de ser instaladas en edificios de nueva planta o en edificios ya construídos, en los que se realicen las convenientes obras de adaptación. Tanto estas como las nuevas construcciones y la dotación de mobiliario, en su caso, serán principalmente realizadas mediante la colaboración de las Corporaciones locales y el Estado.

Las aportaciones municipales podrán ser hechas no sólo en dinero sino también en especie, mediante materiales, y excepcionalmente, prestaciones personales debidamente evaludadas en armonía con los presupuestos y regímenes de contrata respectivos.

Los solares para las nuevas construcciones y para campos de deporte habrán de ser aportados necesariamente por los

[42] B.O.E. Nº 358, 24 diciembre 1953, «*Ley 22 diciembre 1953*», pp. 7570-7573

Municipios, salvo que lo sean por otras entidades o particulares.
No se podrá aprobar ningún proyecto de nueva planta, ni la adaptación de edificios existentes, que no lleve previsto las casas-habitación de los Maestros, salvo el que caso de que ya estuviesen construídas adecuadamente en la localidad de que se trate.

Co obxectivo de regulamentar o procedemento ao que debían axustarse as solicitudes de construción de escolas e de vivendas de mestres, establecidas pola citada lei, o Ministerio de Educación Nacional vai publicar en agosto de 1954 unha Orde pola que se establecen os sistemas de financiamento das construcións escolares.

As edificacións podían levarse a cabo: a) directamente polo Ministerio; b) a través das Xuntas Provinciais de Construcións Escolares; c) a través de acordos especiais subscritos pola Xunta Central de Construcións Escolares.

Coirós vai realizalas a través da Xunta Provinciais de Construcións Escolares, polo sistema de «aportación», polo cal a contribución do concello estaba en función da súa poboación. Así os concellos deberían achegar unha cantidade en metálico para as construcións escolares que se levaran a cabo no seu termo municipal. No caso de Coirós, cunha poboación en 1950 de 2.209 habitantes, correspondíalle unha achega do 15% do importe do presuposto da obra.

Desde o Ministerio de Educación vaise elaborar un «Plan Quinquenal de Construcciones Escolares» (1956-1961), no que se propón a construción de 25.000 escolas que facían falta, segundo un informe realizado pola Inspección. Sen embargo a esta cifra habería que engadirlle as que se precisaban para substituír a locais xa feitos e que non reunían as condicións adecuadas que, segundo a Inspección ascendían a 17.000 en toda España[43]. Para levar a cabo o citado plan habilitáronse 2.500 millóns de pesetas.

O goberno convocou un concurso entre os arquitectos españois co fin de ter os proxectos-tipo de escolas rurais, para cada unha das sete zonas escolares en que previamente se tiña dividido o mapa escolar do Estado. En total presentáronse setenta e oito proxectos dos que tan só foron elixidos once. Aínda así, a Xunta Provincial de Construcións Escolares e máis o concello respectivo, podían utilizar libremente o proxecto máis adecuado ás condicións naturais de cada sitio[44]. Xunto co edificio escola debía construírse tamén a vivenda para o mestre.

As primeiras edificacións deste tipo que se levarán a cabo en Coirós serán a escola do Casal en Santiago de Ois, a escola de Queirís e a de Lesa.

A nova escola do Casal en Santiago de Ois

A parroquia de Santiago de Ois contaba con escola desde a creación da que se instalara na casa de Golpe no

[43] LÁZARO FLORES, Emilio, 1975, «Historia de las construcciones escolares en España», *Revista de Educación* nº 240, pp. 114-126

[44] PERALTA JUÁREZ, Juan, 2006, «Aulas y pupitres. El edificio y el menaje escolar a través del tiempo», *Cuadernos del Museo Pedagógico y de la Infancia de Castilla-La Mancha*

ano 1918. Sen embargo, a partir do ano 1940 a escola vai estar instalada na casa propiedade de Andrés Pena, onde tamén ten casa habitación o mestre, que será Eduardo Vázquez Lomba.

En 1948 atopamos unha solicitude do citado mestre reclamando unha cantidade para aluguer doutra casa por non reunir a que viña ocupando as condicións necesarias para vivir él e a súa familia[45].

> *Instancia del maestro de la escuela mixta de Santiago de Ois D. Eduardo Vázquez Lomba en la cual expone que la casa habitación en que se halla viviendo en estado de soltero desde el año 1940 en la parroquia de Santiago de Ois, propiedad de D. Andrés Pena, no le reúne las mínimas condiciones de capacidad e higiene, toda vez su actual familia se compone de esposa y tres hijos con una sirvienta, viviendo además en promiscuidad con la familia del dueño por no estar independientes ambas viviendas, motivos por los que reclama la indemnización correspondiente a casa habitación para trasladarse a otra vivienda que reuna las imprescindibles condiciones de capacidad e higiene en relación al número de sus citados familiares. Se acuerda concederle 500 pts anuales en concepto de indemnización por casa habitación a partir del 31 de diciembre del año en curso así como también rebajar la cantidad consignada en el presupuesto actual para casa habitación y local escuela de Santiago de Ois a 225 pts, debiendo consignar en el presupuesto del próximo ejercicio solamente 275 pts en vez de las 500 pts.*

[45] A.M.C., *Libro de Actas,* Acta 11 outubro 1948, Caixa 121

Unha vez publicada a Lei de 22 de decembro de 1953, de construcións escolares, da que xa deixamos feito mención, os veciños da parroquia de Santiago de Ois serán os primeiros en mobilizarse para acadar un novo edificio escolar. O primeiro paso será facerse cun solar adecuado e ben situado, obxectivo que conseguen coa compra dun terreo no lugar de Casal por 8.000 pesetas e cunha superficie de 1.308 metros cadrados que, de seguido, doan a tal fin ao concello.

No mes de setembro de 1954 a Corporación acorda levar a cabo a construción dun edificio de nova planta para escola e vivenda de mestre, destinado a escola mixta no lugar de Casal para o cal ofrece o solar previamente doado polos veciños.

A Corporación municipal en sesión de 25 de abril de 1955 acorda[46]:

> *« Que el ayuntamiento se compromete a aportar en metálico la cantidad de 30.000 pts resultantes del 15% sobre las 200.000 pts del importe total de la obra, según el apartado 4 de la OM de 27 de agosto de 1954 (BOE 6 septiembre 1954).*
> *Que la aportación en metálico de Entidades y particulares se considera casi nula o ninguna, pues el lugar donde habrá de construirse el Edificio Escolar solamente tiene 228 habitantes, todos labradores humildes y sin recursos económicos, habiendo comprado los vecinos el solar en 8.000 pts que donaron al Ayuntamiento a tal fin, contando con la construcción de la Escuela que la Alcaldía les había prometido.*

[46] A.M.C. Actas. *Acta 31 xullo 1955*, Caixa 122

Que la aportación del Ayuntamiento en materiales no puede ser otra que piedra y la prestación personal para el acarreo de la misma y que puede calcularse en 15.000 pts.
Que el Ayuntamiento se compromete a realizar y llevar a cabo la construcción del Edificio Escolar de Casal, parroquia de Santiago de Ois, en las expresadas condiciones por delegación de la Junta Provincial de Construcciones Escolares y bajo la dirección e inspección del Arquitecto que la misma designe.

Edificio escola do Casal. Imaxe actual

Será a Xunta Provincial de Construcións Escolares a encargada de fixar as condicións técnicas así como da redacción do proxecto e planos da obra. A mesma Xunta vai conceder unha subvención de 75.000 pesetas para a construción do local escola e vivenda do Casal.

A finais do mes de xullo de 1955 vaise proceder á formación dunha Comisión encargada de todo o relativo á construción da escola do Casal, que quedará formada polo Alcalde Miguel Roig Lestón, o concelleiro José Paz Vales, o crego Germán Castelos Pérez, o mestre Eduardo Vázquez Somoza e polos veciños da parroquia de Santiago de Ois Ramón Martínez Marcote e Ramón Rivera Brañas.

A construción arrédase da estética que uns anos despois vai definir este tipo de edificacións, pois é dunha soa planta, coa sala de clases a carón da vivenda do mestre. Ten unha superficie construída aproximada de 247 m² e está situada no centro do núcleo de poboación da parroquia.

A edificación estaba rematada en xullo de 1958, segundo se recolle nunha noticia publicada en «*La Hoja del Lunes*» do día catorce, que da conta da celebración en Santiago de Ois dun acto de divulgación forestal:

> «*Resultó muy interesante el acto de divulgación forestal que ayer domingo se celebró en el pintoresco pueblecito de Santiago de Ois, en el municipio de Coirós, del partido judicial de Betanzos.*
> *Entre la numerosa concurrencia figuraban muchos vecinos de los pueblos de los contornos y los maestros y alumnos de las escuelas nacionales del distrito, presidiendo el culto y entusiasta alcalde don Miguel Roig Lestón, con la Corporación municipal y su diligente secretario don Alfonso García Hernando, el secretario de la Junta municipal de Enseñanza Primaria, don Modesto Alvarez y otras representaciones.*
> *El párroco don Germán Castelos habló de la finalidad y ventajas de la concentración parcelaria y el Vicepresidente*

de "Amigos de los Árboles", de La Coruña, don Federico García, pronunció una charla.
Comenzó felicitando al vecindario y de una manera especial a los señores don Ramón Marcote, don José Paz Vales, don Ramón Rivero y don José Golpe, por su rasgo de patriotismo regalando el amplio terreno donde acaba de construírse un magnífico edificio escolar que tanto ha de contribuír a la mayor cultura de aquella comarca»

A escola de Queirís

A comezos de 1959 os veciños da parroquia de Collantres comezan a tomar conciencia do estado deplorable no que se atopa a escola de Queirís, situada nun local que non reúne as mínimas condicións para impartir ensino. É por iso que dan os primeiros pasos para a adquisición dun solar no que erguer un novo edificio escolar.

En febreiro de 1960 o alcalde informa á Corporación sobre a doazón feita pola veciña de Queirís, Angela Faraldo Boado, dunha finca da súa propiedade para solar destinado á construción do edificio escolar. O citado solar está situado á carón da estrada N-VI, no quilómetro 579,300, con un total de 486 m^2 de superficie[47].

El Alcalde informa que Dña. Ángela Faraldo Boado, viuda, natural y vecina de Queirís, hace donación de una finca de su propiedad como solar para destinarla a la construcción del Edificio Escolar en el mencionado lugar de Queirís de la parroquia de Collantres.
Dicho solar según el plano que acompaña al escrito de donación está situado sobre la carretera general de Madrid a

[47] A.M.C. *Libro de Actas*. Acta 27 febreiro 1960

La Coruña, km 579, hectómetro 3, margen derecha, teniendo los siguientes linderos: N. labradío de Antonio Crespo; S. camino de servicio; E. labradío de María Golpe; O. carretera general de Madrid a La Coruña; y las siguientes medidas: Por el lado Norte 29,60 m, y por el Oeste 31,70 m., cuya superficie total es de 486 metros cuadrados.

Se acuerda: Aceptar el desinteresado ofrecimiento de Dña Angela Faraldo Boado del solar de su propiedad antes descrito, destinado a la construcción del Edificio Escolar de Queirís, Collantres, donación de carácter gratuito, libre de cargas y gravámenes y que según los datos del escrito de donación y plano adjunto puede inscribirse con las características de disponer de una superficie de 486 metros cuadrados, servidumbres de luces por todos sus lados, de acuerdo con las instrucciones contenidas en oficio circular de 25 abril de 1958 de la Junta Provincial de Construcciones Escolares.

Agradecer a Dña. Angela Faraldo Boado su generosa donación que tanto dice en su favor como persona altruista y amante de la enseñanza.

Na sesión plenaria do 27 de abril de 1960 a Corporación solicita a construción dun edificio escola e vivenda para mestre en Queirís, facendo fincapé en que non implica nova creación senón substitución da xa existente, por estar nun local inadecuado e antihixiénico, segundo informe da inspectora de zona de febreiro dese mesmo ano. Ao igual que para de Lesa, a Corporación propón o sistema de «*Aportaciones conjuntas del Estado y el Municipio*», cunha achega do concello do 15% do total da obra.

Edificio escola de Queirís. Imaxe actual

Unha escola en Lesa

A finais de 1947 a «*Junta Municipal de Educación Primaria*» expón a necesidade de crear unha escola mixta a cargo de mestra na parroquia de Lesa. A proposta é aceptada pola Corporación e de seguido elévase o expediente á «*Dirección General de Primera Enseñanza*». O concello comprométese a facilitar o material preciso, quedando exento de facilitar local e vivenda, xa que este fora ofrecida polo veciño desa parroquia Pedro López Lendoiro, a quen o concello abonaría un aluguer polo mesmo.

O material escolar adquirido polo concello acada a cifra de 214 pesetas e a inauguración da mesma ten lugar a mediados de 1949. A escola vai quedar situada no lugar de Figueiras.

A primeira mestra encargada desta escola será Gloria Vázquez Sabín, quen tomará posesión da praza con ca-

rácter de interina o 16 de setembro de 1949. No curso seguinte será Matilde Marcote Vázquez quen, por traslado, se fará cargo da mesma.

A comezos de 1960 a Corporación municipal propón o desdobramento da escola mixta de Lesa, en unitaria de nenos e unitaria de nenas. Para esta última o concello vai alugar un local propiedade de Enrique Cotos Gayoso con carácter provisional e mentres non se leve a cabo a construción dun novo edificio escolar que a Corporación ten previsto solicitar diante da Xunta Provincial de Construcións Escolares, dentro do plan quinquenal de 1961. O concello vaise facer cargo do aluguer do local, que ascende a 2.400 pesetas anuais, así como de facilitar vivenda para o mestre.

Matilde Marcote, mestra de Lesa

Ao mesmo tempo prodúcese a doazón dun terreo destinado a solar onde se ha de erguer o novo edificio escolar de Lesa por parte do veciño Pedro López Lendoiro.

Unha vez que o concello xa dispón dos terreos precisos e do informe favorable da Inspección, elíxese a fórmula mais axeitada para a construción, dentro das que oferta o ministerio. Óptase pola de *«Aportaciones conjuntas del Estado y Municipio»*, mediante a cal o concello deberá aportar aproximadamente o 15% do importe total das obras.

Na sesión plenaria do 27 de abril de 1960, acórdase solicitar ao Gobernador Civil, como Presidente da Xunta Provincial de Construcións Escolares, a construción de un edificio escolar e casa vivenda para mestre na parro-

quia de Lesa[48]. Tamén se acorda solicitar da Deputación provincial, como anticipo reintegrable ou como subvención a fondo perdido, o importe da achega que lle corresponde ao concello.

Tanto o edificio escola de Queirís como o de Lesa, van responder á mesma tipoloxía de construción: planta rectangular con distribución en dous andares; a planta baixa para aula escolar e a planta alta para vivenda do mestre. Ámbalas dúas teñen unha superficie construída aproximada de 170 m^2.

Escola de párvulos en Coirós

Mediante Orde de 30 de xuño de 1950, publicada no BOE nº 207 de 26 de xullo, o Ministerio de Educación Nacional aprobaba o «*arreglo escolar*» da provincia da Coruña no que se creaba, entre outras, unha escola de párvulos no concello de Coirós[49].

A escola vai quedar instalada na casa propiedade de Aquilino Valeiro, no lugar de Coirós de Abaixo.

Dotación dunha escola en Espenuca

A comezos de 1952 os veciños de Espenuca solicitan do concello a construción dun local para escola e vivenda para mestre no lugar de Bullo da citada parroquia, cuxa edificación sería por conta dos mesmos veciños, dado que os nenos das aldeas de Caresma e Espenuca teñen que percorrer unha distancia duns dous quilómetros para

[48] A.M.C. Actas. *Acta 27 abril 1960*

[49] B.O.E. Nº 207, 26 julio 1950, «*Orden de 30 de junio de 1950 por la que se aprueba provisionalmente el arreglo escolar de la provincia de La Coruña*». páx. 3.262

asistir ás clases (os de Caresma acudían a Santiago de Ois e os de Espenuca a Coirós). Os veciños propoñen que o concello facilite o terreo para as obras, así como o mobiliario e material necesarios. En consecuencia a Corporación acorda solicitar á Deputación provincial a cesión dunha hectárea de monte veciñal no Bullo con destino a solar do edificio escolar, vivenda de mestre, campo de recreo e deportes, horta e xardín[50].

A petición do concello non prospera polo que a Corporación busca outras alternativas coas que dar satisfacción aos desexos dos veciños. Así ofrece á Inspección un local situado no lugar do Picoto, local que os servizos de inspección non aceptan por considera-lo inadecuado.

Modesto Alvarez, mestre de Coirós

Á vista desta situación e dado que o problema de dotar ás parroquias de Espenuca e Caresma segue sen resolverse, a Corporación entende que é imposible acometer a construción dunha escola de nova planta, polo que faculta ao concelleiro Herminio Rivas Penelas para que atope un local axeitado en aluguer para destinalo a escola mixta[51].

Os resultados son negativos e os veciños de Espenuca e Caresma xamais verán cumpridas as súas expectativas de contar cunha escola. Os escolares deses dous lugares acudirán á escola de Coirós e de Santiago de Ois, respectivamente.

---

[50] A.M.C. Actas. *Acta 24 febreiro 1952*
[51] A.M.C. Actas. *Acta 12 marzo 1961*

Traslado ao Centro Comarcal de Betanzos

En 1968 faise cargo do Ministerio de Educación José Luis Villar Palasí. En canto á política de construcións escolares distínguese pola súa tendencia centralizadora. Os responsables ministeriais elaboran «plans de urxencia», entre os que se atopa o «Plan Galicia» que contemplaba a creación de 41.280 postos escolares. Botaba a andar tamén un novo instrumento educativo, a E.G.B. (Educación General Básica).

No ano 1972 vaise inaugurar un novo complexo educativo na zona do Carregal, do concello de Betanzos. Será o "*Colexio Comarcal Nacional de E.G.B. de Betanzos*", con un total de 2.360 m² edificados sobre unha parcela de 21.000 m², que contará con 51 aulas.

Nun principio tíñase previsto a construción tan só de 24 unidades para atender aos escolares de Betanzos e de Coirós, xa que Paderne tiña solicitado a construción dun centro de 8 unidades, que lle sería denegado por non ter a suficiente poboación escolar requirida, polo que se viu obrigado a solicitar a súa participación no de Betanzos. Pola súa parte a parroquia de Santa María de Ois solicitou, nun primeiro momento, seguir coa escola do Fontelo activa. Sen embargo cando o Ministerio planificou a incorporación do seu alumnado ao centro de A Castellana (Aranga), os veciños de Ois solicitaron a súa incorporación ao de Betanzos. De aí que as 24 unidades previstas nun principio tiveran que aumentarse ata as 32.

Os tres concellos beneficiados debían participar proporcionalmente aos gastos ocasionados no centro comarcal. Segundo datos do curso académico 1978-1979, as

achegas económicas dos tres concellos eran as seguintes[52]: Betanzos: 1.555.000 pesetas; Coirós: 30.000 pesetas; Paderne: 20.000 pesetas.

As diferenzas de esforzo económico son ben dispares entre os tres concellos beneficiados, sobre todo tendo en conta que segundo a distribución proporcional marcada pola normativa Betanzos tería que achegar 1.172.000 pesetas; Coirós 176.000 pesetas e Paderne 257.000 pesetas, moi lonxe das que en realidade achegaban.

Seguindo o magnífico traballo de Santiago De La Fuente García, publicado polo concello de Betanzos en 1980 «*La educación en Betanzos y su comarca*», extraemos algúns datos referidos ao concello de Coirós durante o curso académico 1978-1979. Así podemos afirmar que durante ese curso hai un total de 245 alumnos e alumnas do concello de Coirós cursando estudios nos distintos centro educativos de Betanzos, distribuídos do seguinte xeito: Párvulos 3; E.X.B. 213; B.U.P. e C.O.U. 18; F.P. 11. Polo que respecta a Párvulos, ao non ter Coirós parvulario nin transporte para os mesmos, os 3 alumnos desta clase van, con cargo a fondos familiares, ao parvulario non estatal de Betanzos, que é unha institución feminina.

[52] DE LA FUENTE GARCÍA, Santiago, 1980, *La eduación en Betanzos y su comarca. Aporte a su conocimiento y superación. Curso 1978-1979*, Ayuntamiento de Betanzos.

O ENSINO EN COIRÓS NO S. XXI

Escolas de educación infantil

Chegados ao século XXI, Coirós vai contar con dúas escolas de educación infantil. Unha delas situada na casa do concello, ocupando unha das estancias da parte baixa e a outra instalada no local social propiedade da Sociedade cultural, recreativa e deportiva Fillos de Ois, no Fontelo, cedido de xeito totalmente gratuíto por esta entidade aos organismos educativos.

A matrícula destas escolas para o curso académico 2017-2018 é de trinta e un alumnos. Na escola de Coirós están inscritos dezaseis escolares e na do Fontelo quince.

Gardería

A finais de febreiro de 2011, a Xunta de Galicia a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, anunciaba a licitación para a contratación da obra de construción dunha escola infantil unitaria no concello de Coirós, cun orzamento de 278.599,99 euros. Esta obra estaba cofinanciada polo Ministerio de Educación no marco do «Plan de Impulso de la Educación Infantil Educa3».

O edificio sitúase no lugar de Figueiras, ao carón do centro de saúde, nunha parcela de propiedade municipal.

Estatísticas

Recollemos a continuación unha serie de datos estatísticos que reflicten a situación do ensino en Galicia. Os datos proceden do Fondo documental do Instituto Nacional de Estatística (I.N.E.) e foron sometidos a unha clasificación previa para recoller os referidos a Galicia.

	Nº de escolas		Total	Alumnos que acoden ás clases		Total
Ano	Nenos	Nenas		Nenos	Nenas	
1787	5	2	7	182	82	264
1797	561	89	650	14.533	1.699	16.232

Xa no século XIX, instauradas as demarcacións provinciais, os datos aparecen referidos ás catro provincias en que se divide Galicia.

Número de escolas de primeiro ensino e alumnos que acoden a elas en 1855

Provincia	Escolas	Nenos	Nenas	Total
Coruña	558	19.213	3.149	22.362
Lugo	1.013	24.785	4.855	29.640
Orense	423	18.826	3.583	22.409
Pontevedra	230	11.590	943	12.533

Nº de pobos con escola de primeiro ensino e os que non a teñen en 1855

Provincia	Pobos con escola			Pobos sin escola	
	Concellos	Pobos	Escolas	Menos de 100 veciños	Máis de 100 veciños
Coruña	97	920	558	55	6
Lugo	64	1.229	1.013	243	24
Orense	95	2.942	423	130	---
Pontevedra	68	5.066	231	3.082	---

Nº de escolas públicas de primeiro ensino a finais de 1859

Provincia	Nenos	Nenas	Párvulos	Adultos	Total
Coruña	410	15	---	---	425
Lugo	105	6	---	---	111
Orense	462	113	---	---	575
Pontevedra	343	66	1	---	410

Nº de escolas públicas de todas clases a finais de 1860

Provincia	Nenos	Nenas	Mixtas	Párvulos	Adultos	Total
Coruña	108	101	353	---	1	563
Lugo	104	12	64	---	---	180
Orense	494	17	---	---	---	511
Pontevedra	364	71	---	1	---	436

Escolas segundo o edificio que ocupan a finais de 1860

	De nenos		De nenas	
Provincia	Local propio	Local alugado	Local propio	Local alugado
Coruña	47	415	34	67
Lugo	66	102	4	8
Orense	47	447	1	16
Pontevedra	41	324	1	70

Escolas e número de alumnos existentes en 1908

Provincia	Poboación escolar de 6 a 12 anos	Nº escolas públicas	Nº mestres	Promedio de asistentes
Coruña	115.044	705	715	40,10
Lugo	70.135	398	408	42,00
Orense	61.748	693	694	40,37
Pontevedra	66.339	544	553	51,58

Situación do ensino primario nos tempos da II República

Provincia	Ano	Nº mestres	Poboación escolar	Matriculados
Coruña	1932	1.472	189.615	80.634
	1933	1.566	189.615	80.634
Lugo	1932	1.095	107.740	56.539
	1933	1.113	50.618	29.977
Orense	1932	1.402	91.324	64.038
	1933	1.446	91.324	64.038
Pontevedra	1932	1.388	106.152	69.215
	1933	1.482	92.608	64.830

Escolas e mestres de primeiro ensino
Ano escolar 1942-43

Provincia	Nº de escolas				Mestres
	Nenos	Nenas	Mixtas	Total	
Coruña	460	425	801	1.686	1.694
Lugo	188	195	1.004	1.387	1.404
Orense	306	328	992	1.626	1.693
Pontevedra	579	571	450	1.600	1.640

Escolares de Santiago de Ois co mestre Eduardo Vázquez

Nenas da escola de Coirós nos anos 50 do s. XX

Nenas da escola do Fontelo coa mestra Petra Couceiro

Nenos da escola de Coirós co mestre Modesto Alvarez

Matilde Marcote nunha aula do Centro Comarcal de Betanzos

Grupo de nenas no Centro Comarcal de Betanzos

Excursión de escolares de Ois a Espenuca

Escolares da escola do Fontelo - Curso 1966-67

Escolares da escola do Fontelo - Curso 1966-67

